

SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN DO DÍA 14 DE MARZO DE 2013

No salón de sesións da casa do Concello de Cambre, ás vinte horas do día catorce de marzo de dous mil trece, baixo a presidencia do señor alcalde don Manuel Rivas Caridad, reúnese en sesión extraordinaria, en primeira convocatoria, a Corporación municipal en Pleno.

Asisten os señores concelleiros dona M^a Jesús González Roel, don Felipe Andreu Barallobre, dona Rocío Vila Díaz, don Fernando Caride Suárez, dona Marta M^a Vázquez Golpe e don Santiago Manuel Ríos Rama, do PP; don Augusto Rey Moreno, don José Manuel Lemos Seoane, dona Margarita Iglesias Pais, don Jesús Bao Bouzas e dona María Luisa Sanjurjo Cacheiro, do PSdeG-PSOE; don Óscar Alfonso García Patiño, don José Antonio Orosa Fernández e dona Elisa Pestonit Barreiros, de UniónxCambre; don Luis Miguel Taibo Casás, de EU; dona M^a Victoria Amor Prieto e don Daniel Carballada Rodríguez, do BNG; e integrando o Grupo Mixto, don José Antonio Baamonde López, de Progresistas de Cambre e don Manuel Marante Gómez, do Partido Galeguista Demócrata.

Non asiste, con escusa, dona M^a Olga Santos López, de EU.

Asisten dona M^a Irache Enríquez Albaina, interventora, e dona M^a Luisa de la Red Ampudia, como secretaria da Corporación.

Aberto o acto pola presidencia, examináronse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1º Proposta de aprobación dos Orzamentos xerais para o exercicio 2013

Vista a proposta da concelleira delegada de Economía, Facenda, Promoción Económica e Consumo, de data 28 de febreiro de 2013, que consta da seguinte parte dispositiva:

“Primeiro: Aprobar inicialmente o Orzamento xeral do Concello de Cambre para 2013, que ascende a un importe de 15.097.703,49 euros, co seguinte resumo por capítulos:

<u>CAPÍTULO INGRESOS</u>	TOTAL	<u>CAPÍTULO GASTOS</u>	TOTAL
OPERACIÓNS CORRENTES		OPERACIÓNS CORRENTES	
1 IMPOSTOS DIRECTOS	5.194.839,17	1 GASTOS DE PERSOAL	5.438.191,27
2 IMPOSTOS INDIRECTOS	217.214,24	2 GTOS. BENS CTES. E SERV.	6.580.967,40
3 TAXAS E OUTROS INGRESOS	2.679.043,84	3 GASTOS FINANCIEROS	179.000,00
4 TRANSFERENCIAS CORRENTES	6.407.238,91	4 TRANSFERENCIAS CORRENTES	1.043.011,14
5 INGRESOS PATRIMONIAIS	22.927,23		
Total Operacións Correntes	14.521.263,39	Total Operacións Correntes	13.241.169,81

OPERACIÓNS DE CAPITAL		OPERACIÓNS DE CAPITAL	
6 ALLEAMEN. INVESTIMENTOS REAIS	0,00	6 INVESTIMENTOS REAIS	1.266.066,62
7 TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	256.329,19	7 TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	50.000,00
8 ACTIVOS FINANCEIROS	8.212,16	8 ACTIVOS FINANCEIROS	12.412,16
9 PASIVOS FINANCEIROS	311.898,75	9 PASIVOS FINANCEIROS	528.054,90
Total Operacións de Capital	576.440,10	Total Operacións de Capital	1.856.533,68
TOTAL INGRESOS	15.097.703,49	TOTAL GASTOS	15.097.703,49

Segundo: Aprobar as bases de execución do Orzamento para 2013.

Terceiro: Anular as seguintes modificacións de crédito efectuadas sobre o orzamento prorrogado, ao estar incluídas nos créditos e previsións iniciais do orzamento:

1.- Expediente de transferencia de crédito número 1/2013. Importe: 7.500,00 euros. Motivo: Habilitar crédito suficiente para os premios “rasca e gaña” Programa “Ti fas o Nadal 2012/2013”.

Cuarto: Aprobar o límite de gasto non financeiro para o Orzamento do Concello de Cambre para o exercicio 2013 por importe de 13.101.775,51 euros.

Quinto: Expoñer ao público o anuncio de aprobación inicial por prazo de quince días hábiles mediante anuncio no *Boletín Oficial da Provincia* e no taboleiro de edictos do concello, para os efectos de que os interesados poidan examinalo e efectuar as reclamacións ante o Pleno, que consideren oportunas.

No caso de que non se presentasen reclamacións considerárase definitivamente aprobado o Orzamento xeral do concello para o 2013.”

Visto o ditame emitido pola Comisión Informativa de Réxime Interior, Economía e Facenda de data 12 de marzo de 2013, favorable á proposta da concelleira delegada, coas modificacións formuladas polos grupos municipais do PSdeG-PSOE e PdeC en canto á consignación de cantidades a percibir en concepto de asistencias a órganos colexiados, dado que por erro non se incluíron as asistencias ás comisións informativas; así como a que na base cuadraxésima quinta, relativa a subvencións nominativas, se relacionen as ANPAS perceptoras co importe máximo de subvención e, respecto de destinar a subvención á Asociación de empresarios e empresarias de Cambre a actividades relacionadas coa promoción comercial.

Concedida a palabra a dona Marta M^a Vázquez Golpe, concelleira delegada de Economía, Facenda, Promoción Económica e Consumo, manifesta que se presentan hoxe ao pleno da Corporación municipal os orzamentos para o exercicio 2013, que teñen un importe de 15.097.703,49 euros, tanto no estado de ingresos como no de gastos, orzamentos elaborados polo grupo de goberno atendendo a un único criterio, a responsabilidade.

Di que se presentan no marco dunha especial situación socioeconómica que impón aos representantes políticos obrigacións adicionais que hai que cumprir. Refírense concretamente ao deber irrenunciábel de dar cobertura e apoio institucional ás

persoas que se están vendo afectadas polo desemprego e ás que se encontran en risco de exclusión social. Ese é o principal deber do seu grupo de goberno, non hai excusa. Redúcense, en consecuencia, dotacións orzamentarias que non poden nin deben ser prioritarias neste exercicio, así, redúcese o gasto corrente a mínimos operativos, redúcese significativamente o gasto en festas e eventos, un 11,47% e un 15% respectivamente, tamén se reducen os gastos de órganos de goberno, entendendo goberno e oposición, e os traballos técnicos.

As contas municipais para o ano 2013 xiran, pois, ao redor destes obxectivos, que se reflicten orzamentariamente nun significativo aumento das partidas destinadas á atención dos servizos sociais e as destinadas ao fomento do emprego, a promoción económica municipal, educación e deporte.

Tense realizado un esforzo adicional á hora de dar cumprimento ás esixencias legais de contención de gasto e de estabilidade orzamentaria, o que deu como resultado que as contas do Concello de Cambre do 2013 cumpran rigorosamente as recomendacións da normativa estatal, respectando, tanto a regra do teito do gasto, como o equilibrio orzamentario. Así pois, e sen deixar de ter presente que a capacidade de gasto e financiamento das entidades locais é limitada, o esforzo para atender aos diversos ámbitos de actuacións dálles o seguinte resultado:

- No ámbito dos servizos sociais prodúcese un notable incremento das axudas de emerxencia social, nun 31%, pasando de 57.000 a 75.000 euros. Así mesmo, dótase ao servizo de axuda a domicilio da maior subida orzamentaria do ano 2013, acadando o medio millón de euros só para cubrir ese servizo.

Tamén é de destacar o acordo coa Cruz Vermella Española, que por primeira vez terá sede no concello, prestará apoio ás persoas e familias desfavorecidas e complementará a actuación municipal.

Mantéñense as partidas para a terceira idade, os convenios coas asociacións que perseguen un fin social, ademais dun novo convenio con ASPACE, que presta servizos a varios dos veciños de Cambre.

Mantéñense os programas de igualdade, educación familiar e as actividades de servizos sociais, sen olvidar o servizo de comedor sobre rodas.

Soamente, en Servizos Sociais e Xuventude, invístense case un millón e medio de euros.

- No que se refire ao fomento do emprego, seguen apostando polo apoio ao emprendedor, mantendo a partida de 60.000 euros de axudas creada para ese concepto no 2012, e que cubre as cotas da seguridade social nos seis primeiros meses de actividade.

É tamén de destacar a creación dunha nova partida para a posta en marcha de programas de fomento do emprego de ámbito municipal, por un importe doutros 60.000 euros, ao que hai que sumar os plans formativos municipais nos que se invisten outros 50.000.

Importante subida experimentan as partidas de comercio e PYMES, que pasan de 35.000 a 92.000 euros, o que lles permitirá ampliar programas de dinamización comercial como “Ti fas Cambre” e crear outros novos, así como fomentar e poñer en valor a feira tradicional de Cambre.

- En educación prodúcese un incremento total do 12,59%, o motivo é dar unha máis ampla cobertura a programas de conciliación da vida familiar e laboral, como o programa mañanceiro, actividades educativas ou convenios coas AMPAS.

- Reafírmanse na importancia do deporte, como medio portador de valores sociais e persoais que experimenta, ademais, un incremento orzamentario do 9%, mantendo os convenios cos clubs das diferentes disciplinas e apostando polas melloras nas súas instalacións.

Continúa dicindo que, non obstante, non poden perder de vista os servizos directos ao cidadán, que son imprescindibles para manter a súa calidade de vida, por iso se mantén intacto na súa totalidade o gasto en infraestruturas, en redes de saneamento e abastecemento de auga, camiños municipais, acondicionamento de parques e xardíns, e a mellora da atención ao cidadán a través do plan de modernización municipal para o que se destinan 140.000 euros.

É tamén criterio do seu grupo de goberno considerar o festival Rock in Cambre como algo máis que un festexo. O festival Rock in Cambre é un valor económico e un atractivo cultural que deben fomentar e protexer, pola beneficiosa repercusión que ten para Cambre.

Non é obxectivo do grupo de goberno minguar, de ninunha maneira, a capacidade operativa das asociacións veciñais e, en especial, aquelas outras que perseguen un fin social, polo que se reiteran no compromiso de apoiar económica e institucionalmente a todas elas.

Pero para poder cumprir con esas obrigas, e dado que os ingresos son moi limitados, ten que fixarse unha escala de prioridades, da que resulta un importante descenso de moitas partidas, especialmente en festas, gasto corrente e investimentos. Non é o momento de grandes festas nin de grandes investimentos con fondos municipais, e cre que todos son conscientes diso.

Para finalizar, di que se vai referir ao capítulo de investimentos para o ano 2013, no que a cantidade orzamentada para facerlles fronte é de 1.316.000 euros. Entre eses investimentos hai que mencionar as obras do POS 2013, renovación de firme nas parroquias de Sta. M^a de Vigo, Pravio e outras, os investimentos en saneamento, abastecemento e infraestruturas, a colocación de novos puntos de luz e a mellora da eficiencia enerxética, o acondicionamento de parques e xardíns, o acondicionamento de camiños, investimentos en mobiliario urbano, mellora de edificios de educación e construción de vestiarios, e obras no campo da Barcala-Lendoiro.

Destacan, así mesmo, as obras de acondicionamento do anfiteatro do parque da igrexa de Cambre, a adecuación da Casa da Arrigada, a Casa da Cultura, o

acondicionamento do local da Cruz Vermella, os locais de ensaio e protección civil, así como a colocación de monolitos informativos na Barcala.

Por todo isto, quere concluír esta primeira intervención reiterando tres puntos clave. Trátase dos orzamentos máis sociais xamais presentados no Concello de Cambre. O aumento do benestar dos cambreses depende en boa parte do asunto que hoxe traen para o seu debate ao pleno. Están ante un orzamento realista, xusto e solidario, o mellor posible para o concello, un orzamento garantizador da calidade de vida municipal, é a expresión do seu firme compromiso cos veciños, para os que traballan e aos que teñen o deber político de ofrecer unha garantía de futuro.

Conclúe dicindo que tras esta intervención ábrese a quenda de debate, e se os grupos queren propoñerlle algunha cuestión, e ela pode responderlles, farao encantada.

Concedida a palabra a don Augusto Rey Moreno, voceiro do PSdeG-PSOE, manifesta que o grupo municipal dos socialistas de Cambre vén manifestando, dende hai tempo, a súa preocupación pola situación do concello. Unha taxa de desemprego que non para de crecer, con numerosas familias ao límite da súa capacidade de sufrimento, agotados os seus recursos e que o están perdendo todo. Preocúpalles tamén a infancia e xuventude do municipio, e os orzamentos que se lles presentan para a súa aprobación non reflicten ese compromiso, o que si reflicten é falta de ambición, debilidade, inoperancia e incapacidade para facer fronte aos retos actuais. É un orzamento que non se adecúa ás necesidades reais de Cambre, un municipio que está sufrindo sobremaneira a crise económica, con 2.393 desempregados a 28 de febreiro.

Indo propiamente ao documento que se lles propón dende o goberno, no capítulo de infraestruturas teñen que recordar o incumprimento do goberno á hora de levar a cabo os acordos plenarios adoptados por unanimidade de todas as forzas políticas con representación na Corporación. Non executan nin o que eles mesmos acordan, estase referindo á redacción dos proxectos de execución das obras de saneamento de Andeiro e Sta. M^a de Vigo, as dúas únicas parroquias que non dispoñen dese imprescindible servizo, e que foron presentados como votos particulares aos orzamentos do 2012. Dedícanse a arrastrar a partida consignada no 2012, pasándoa ao exercicio do 2013.

Para obras de saneamento e abastecemento de auga propoñen dedicar practicamente a metade do investimento que nos orzamentos do ano pasado. Para investimentos de infraestruturas urbanas a partida aínda se reduce máis. No apartado de seguridade viaria, máis do mesmo, non se recolle ningunha cantidade para a execución de obras de seguridade viaria no municipio, de feito, a obra de competencia municipal destinada a dotar de sendas peonís á estrada municipal que transcorre dende Cela polos núcleos de Meixigo, San Lourenzo e conclúe na Rocha, da que se tiñan comprometido á redacción do proxecto, non lles consta que se teña confeccionado, iso a pesar de que se tiñan comprometido nos orzamentos do ano 2012, por acordo dun voto particular que presentou o grupo socialista á proposta de orzamentos.

Tampouco se recolle ningún compromiso, nin coa Xunta de Galicia, nin coa Deputación provincial, para dotar de sendas peonís, nin melloras doutro tipo, os

tramos de estrada de titularidade de ambas administracións, iso aínda que o seu grupo propuxo ao equipo de goberno que trasladaran a esas administracións as demandas que lles formulan os veciños: sendas peonís entre Lema e Cela, reforzo de medidas de seguridade en Pravio e Altamira, un paso de peóns en Freande, en Sigrás, en Anceis, sendas peonís entre A Gándara e Armental, unha rotonda onde conflúen as estradas de Cambre-Carral coa de Lema-Bribes, a reiterada petición de que o autobús interparroquial chegue ata A Mota, en Cecebre, ou a reparación urxente, por un desprendemento, da estrada de Cela ao Canal.

En canto ao gasto social, nas axudas de emerxencia social propónse un incremento na partida de 57.000 euros a 75.000, e quere lembrarlle ao Sr. alcalde que a 28 de decembro de 2012 estaba sen dispoñer un remanente de 9.500 euros desa partida. Di que poñen en cuestión a efectividade, tanto do incremento que se propón como da súa xestión, tendo en conta que unha nova ordenanza deberá recoller as actuais necesidades de amplos sectores da sociedade cambresa que obrigarán a un aumento considerablemente maior, que o seu grupo cuantifica ao redor dos 150.000 euros.

Pídelle ao Sr. alcalde que non culpe aos socialistas do atraso na aplicación da nova ordenanza de emerxencia social. Os socialistas de Cambre presentaron o pasado ano unha moción aprobada por todos os grupos presentes na Corporación, instando á modificación urxente da ordenanza, contestando o equipo de goberno que está elaborada a nova ordenanza dende o mes de febreiro do 2012. Para cando a traian a pleno xa volverá a estar obsoleta, verdadeiramente non se están dando moita prása, non son conscientes da situación de emerxencia pola que están pasando moitos dos seus veciños.

Unha situación similar á da axuda de emerxencia social prodúcese co servizo de axuda a domicilio. Di o goberno que incrementa a partida de 325.000 a 500.000 euros, pero o gasto realmente comprometido por ese concepto no pasado exercicio foi de 440.000 euros, pola necesidade de acordar sucesivos incrementos, consecuencia de que este goberno vai a remolque das demandas e necesidades dos veciños. Moito se temen que o incremento que se propón tamén resulte, por desgraza, insuficiente para cubrir as necesidades dos beneficiarios.

En canto ao fomento do emprego, Cambre vive unha situación dramática, como a todos lles consta, en materia de emprego. Os datos oficiais rexistrados a 28 de febreiro, como dixo antes, arroxan unha cifra de 2.393 veciños sen emprego. Dende o goberno municipal téñense continuado e instaurado medidas para o fomento do emprego e axudas a emprendedores, pero a día de hoxe carecen de datos sobre os efectos producidos por eses programa, nin o seu nivel de execución, do plan municipal de formación, oficina de captación de ofertas de emprego, a contratación dun orientador laboral, programas de cooperación, plans de formación para desempregados e campañas de promoción económica.

Di que para os socialistas, todas e cada unha das medidas que se adopten para reducir a eiva social que supón o desemprego, serán ben recibidas, pero non poden por menos que cuestionar a xestión política que o equipo de goberno fai desas medidas porque, polo que parece, ningunha delas está dando resultados. Lamentablemente a realidade é sempre moi testuda, e neste caso dilles que dende

que eles gobernan, preto de 500 persoas en Cambre perderon o seu emprego, en maio de 2011 eran 1.902 os desempregados, e en febreiro de 2013, 2.393. Dende o grupo municipal socialista esíxenlle ao Sr. alcalde que reivindique das administracións con competencia en materia de emprego, iniciativas e fondos para combater ese drama social no municipio.

En canto ao servizo de universalización de comedores escolares, non se recolle ningunha cantidade a maiores da orzamentada no 2012, 5000 euros, para poñer en marcha ese servizo, só se mantén a anterior cantidade da que non se dispuxo nin un só euro no pasado exercicio. Di que este servizo de nova creación foi aprobado por medio dun voto particular presentado polo seu grupo, que obtivo o respaldo unánime da Corporación municipal, a posta en marcha desta iniciativa é unha reivindicación irrenunciábel para os socialistas de Cambre, e non desistirán ata a súa implantación real e efectiva.

En relación coas actividades culturais, deportivas e de ocio, os socialistas teñen proposto ao goberno do PP o mesmo tratamento para todos os deportistas de Cambre, sen excepcións por razón de idade ou de elite, para que os nenos e nenas menores de 13 anos poidan acceder a axudas para a práctica deportiva, propoñendo, como punto de partida, a mesma dotación orzamentaria, 10.000 euros para os deportistas non federados do municipio, as chamadas bolsas de tecnificación deportiva, nin caso.

Respecto do Rock in Cambre-Festival Brincadeira, despois da defensa a morte que fixo o goberno do PP deste evento, festival Brincadeira, e de ter dilapidado na súa organización, en catro días, máis do que propón destinar a axudas de emerxencia social para todo o ano 2013, desaparece dos proxectos do goberno municipal nesta edición, cousa que o grupo socialista celebra, e só se mantén o festival Rock in Cambre, con 100.000 euros.

Por boca do goberno acusouse á oposición de querer volver ao pasado por cuestionar a celebración de edicións futuras do Brincadeira, o sentido común parece que apunta a unha volta á realidade dos verdadeiros sinais de identidade de Cambre en materia de espectáculos musicais.

En canto a festexos populares, esta partida xa sufriu un considerable recorte nos orzamentos de 2012, e novamente diminúe, case un 15%, a cantidade consignada para a realización de festexos populares, quedando establecida en 110.000 euros. Entenden que resulta unha medida inxusta que non recoñece nin apoia como debera o esforzo do tecido asociativo parroquial na organización destes eventos.

En canto á modernización da administración, o plan de modernización da administración municipal, ante a incapacidade de executar nin un só euro da partida consignada nos orzamentos do 2012 para ese concepto, o goberno municipal transfire eses 140.000 euros ao ano 2013. Nin que dicir ten que esa falta de dilixencia do equipo de goberno á hora de executar o orzamento, dilatou, como mínimo un ano máis, a inaprazable e urxente mellora, tanto da xestión da administración municipal en xeral, como en concreto da debida atención aos veciños.

Falando dos ingresos di o goberno que sube a recadación pero baixan as transferencias. Eles lamentan que o goberno do PP de Cambre, do mesmo signo político que os gobernos da Xunta e deputación, non sexa capaz de reclamar e recibir nin tan sequera o que recada para a Xunta en concepto de canon de saneamento.

En canto a transferencias correntes da Xunta, prevese un descenso duns 24.000 euros sobre o orzamentado no 2012. Así mesmo, nas transferencias correntes da Deputación a Cambre prevese un descenso dun 9,8%, en total 36.000 euros menos.

E falando de transferencias de capital, é dicir, os fondos que as administracións transfiren ao concello para o capítulo de investimentos, para realizar obras ou servizos, e referíndose ás transferencias que poderían vir da Xunta de Galicia, non se prevé que Cambre ingrese nin un só euro por ese concepto de transferencias da Xunta de Galicia, nin como transferencias directas, nin por ter subscrito ningún convenio entre ambas administracións. Este feito demostra a incapacidade do goberno municipal, e en especial do Sr. alcalde, para acadar acordos co goberno autonómico que redunden na ampliación e mellora das infraestruturas e servizos municipais, lamentan a nula influencia do alcalde ante a Xunta de Galicia. Nada saben, así mesmo, do proxecto de construción do novo colexio en Lendoiro, e recorda o déficit de prazas de educación secundaria durante este curso.

En canto ás transferencias de capital da Deputación para investimentos en Cambre, tamén se orzamentou un descenso dun 46%, pola contra, e resulta sorprendente, propónselles un incremento de máis do 40% na recadación por multas de tráfico, polo que, por se non fora suficiente a presión económica á que se somete ás familias na actual conxuntura económica e social, este goberno aspira a recadar 50.000 euros por multas de tráfico. No 2012, no capítulo de multas de tráfico orzamentáronse 35.000 euros e recadáronse 53.464, isto é, máis do que se orzamenta para o 2013.

En canto ao capítulo de operacións de capital e investimentos propios, orzáméntase un total de 1.316.000 euros, cantidade lixeiramente inferior á do 2012. Como obras a destacar propóñense a renovación de firme en camiños de Sta. M^a de Vigo, Pravio e outras parroquias, renovación de redes de servizos e pavimentación de Penouviña e Fontenla, e como dixo a Sra. concelleira, adecuación da Casa da Arrigada. Di que esta consignación é absolutamente insuficiente para cubrir as demandas, entre outros temas en materias como o saneamento, saneamento integral das parroquias de Andeiro e Sta. M^a de Vigo, e seguridade viaria, sendas peonís entre Cela, Meixigo, San Lourenzo e A Rocha.

Como dato significativo destaca a ausencia de calquera partida orzamentaria destinada a acometer a xeración de prazas de aparcamento nas zonas urbanas de Cambre e O Temple, demanda reiterada dende hai anos polos veciños e empresarios de ambas parroquias.

Dille ao Sr. alcalde que están ante un documento orzamentario que demostra unha preocupante ausencia de ideas e proxectos do goberno do Partido Popular en Cambre, así como unha evidente carencia de ambición e compromiso para, se non resolver, polo menos si paliar no posible as necesidades máis acuciantes dos veciños. Están ante uns orzamentos cobardes e antisociais, que non van poder atender as

demandas reais nestes tempos de carencias económicas, de desemprego galopante e, en fin, de crise económica e, por extensión, social, xeralizada.

Di que este goberno errático, que equivoca as prioridades, goberna de costas á realidade, e consecuentemente de costas aos cidadáns que din representar. Denuncian que o goberno municipal non teña pelexado por conseguir que as demais administracións que operan no territorio, goberno central, Xunta de Galicia e deputación, se comprometan con Cambre na medida á que Cambre ten dereito e xustamente lle corresponde. O goberno do Sr. alcalde é un goberno servil, ao servizo dos intereses do Partido Popular, que aceptou sen pestanexar os agravios orzamentarios aos que lles teñen sometido as demais administracións, en especial, a Xunta de Galicia, demostrando coa súa docilidade institucional que é máis fiel ao seu partido que á confianza que os veciños de Cambre lle depositaron cando foi elixido para gobernar os seus destinos. Resulta increíble que o Sr. alcalde, pola súa condición de máximo representante de todos os cambreses, non lograra nin un só compromiso, directo ou indirecto, de investimento da Xunta de Galicia para o ano 2013. Resulta absolutamente insultante, se non para o alcalde, si para todos os veciños.

Di que estes orzamentos non lles merecen ningunha confianza aos socialistas de Cambre. Dille ao Sr. alcalde que non valoran unicamente a presentación dun documento contable, valoran e cuestionan a capacidade do goberno para executalos, pois máis aló dos volumes económicos consignados nas partidas, non cren nin na vontade, nin na capacidade do goberno municipal, de poder levalos a cabo. As ordenanzas que din ter redactadas, non as traen a pleno, e as que se aproban en pleno, non se aplican. Dilles que eles son o goberno, que se dediquen a gobernar.

Continúa dicindo que estes orzamentos nacen dende a ausencia total de diálogo coas demais forzas políticas con representación nesta Corporación. Teñen dedicado máis tempo na presentación en sociedade e medios de comunicación dos seus orzamentos do que teñen dedicado á súa negociación. Dille ao Sr. alcalde que o seu proxecto político para Cambre agotouse, como tamén se ten agotado o crédito que os socialistas de Cambre lle teñen outorgado, posibilitando no seu momento que sacasen adiante os orzamentos do 2012. Depositaron a súa confianza no goberno promovendo sucesivas iniciativas políticas que teñen levado aos plenos en forma de mocións, así como votos particulares, todo iso coa intención de mellorar as propostas. O tratamento de ninguneo que fixo o goberno coas iniciativas socialistas, ten derivado nunha total perda de confianza do seu grupo, séntense defraudados, non se fían do goberno. O Sr. alcalde non parece darse conta do que está pasando en Cambre, polo que están pasando moitas familias do municipio, os cidadáns de Cambre xa nos os agardan, e di que eles tampouco os van agardar.

En definitiva, di que ao longo dos 21 meses pasados da actual lexislatura o Sr. alcalde tenlles demostrado que carece da máis mínima vontade de cumprir os acordos que se acadan en plenos municipais. O seu grao de aceptación de acordos é directamente proporcional á súa ausencia de vontade de cumprilos. Neste punto queren facer, novamente, especial mención á aprobación dos votos particulares presentados polo seu grupo no pleno de orzamentos do 2012: redacción do proxecto de saneamento das parroquias de Andeiro e Sta. M^a de Vigo, redacción do proxecto de sendas peonís na vía municipal Cela, Meixigo, San Lourenzo, A Rocha, e universalización do servizo

de comedores escolares. Eses votos particulares foron os únicos acordos que na citada sesión plenaria mereceron o apoio unánime de toda a Corporación, dos 21 concelleiros, pois ben, a pesar diso, a pesar do total nivel de consenso acadado, nin un só deles foi levado a cabo polo goberno, como era a súa obrigaón.

Para rematar quere dicirle que dende a confianza depositada polo seu grupo, e que fixo posible a aprobación dos orzamentos de 2012, confianza que se ten visto defraudada pola acción de goberno, os socialistas de Cambre considéranse absolutamente lexitimados para dicirle hoxe, e de maneira moi clara, que non van respaldar estes orzamentos.

Concedida a palabra a dona Marta M^a Vázquez Golpe manifesta que o Sr. Augusto Rey fixo unha exposición, pero ela non sabe a que orzamentos se refire, non o sabe, porque en primeiro lugar referiuse aos investimentos que o goberno municipal parece ser que deixou de facer, e ela pode dicirle que nunca se tiña conseguido facer investimentos en Cambre por valor de 3 millóns de euros nun só ano, desbloquearon en 11 meses investimentos por valor de 3 millóns de euros que o partido socialista e compañía terían que ter executado en 4 anos.

En canto ao incumprimento dunha serie de votos particulares que o partido socialista tiña presentado nos orzamentos do ano pasado, condicionados ao seu voto favorable, ou abstención aos orzamentos, tamén lle pode dicir que está faltando á verdade, completamente. Di que están feitas as memorias valoradas dos tres proxectos, e lémbrales que esas tres memorias valoradas son válidas totalmente para poder solicitar os permisos á Xunta de Galicia, tamén lles lembra que desas memorias valoradas resulta un orzamento final de obra de un millón de euros cada obra. Parécelle unha irresponsabilidade por parte do grupo socialista, e pareceríalle unha irresponsabilidade por parte do grupo de goberno, investir un diñeiro que é de todos os veciños, e que ascende á cantidade de 60.000 euros, en pagar unha serie de proxectos para logo non facer a obra, pregunta para que, con que finalidade. Dilles que saben que unha obra de un millón de euros en cada parroquia non se pode facer nin nun ano, nin en dous, nin en tres, ao mellor ten que ser en catro, cinco ou seis, así que, o lóxico para non dilapidar o diñeiro dos veciños, será ir facendo o proxecto por cada fase de obra, iso é o que lles parece lóxico. Polo tanto, o voceiro do grupo socialista interpreta a situación como un incumprimento, eles non. Engade que as memorias valoradas están non despacho do concelleiro de Obras e Servizos, e o Sr. Rey nin sequera ten ido a velas. No que se refire á redacción do proxecto técnico de seguridade viaria de Meixigo, San Lourenzo, A Rocha, dille exactamente o mesmo.

En canto ao voto particular relativo á universalización do servizo de comedor escolar, o voceiro socialista sabe, igual que todos os membros da Corporación, que non se pode crear un servizo para unha necesidade que non existe, agora mesmo todos os alumnos que teñen dereito a comedor están no comedor, e os que non teñen dereito non están utilizando o servizo que lles ofreceron, o servizo que a concelleira de Servizos Sociais acordou coas garderías do municipio non se está utilizando por ningún usuario, non houbo nin unha soa reclamación en Servizos Sociais pola carencia dese servizo, nin unha. Pide que non fagan demagogia, porque hai que saber administrar os recursos para cubrir necesidades existentes, non se crean servizos porque un quere, pide responsabilidade.

Tamén lle lembra ao voceiro socialista que el fala de tres votos particulares que tiñan presentado, e foron catro, non tres, el sabe cal foi o outro.

No que se refire á axuda a domicilio, o voceiro socialista falou do ano pasado, que se a contía foi isto ou aquilo, pero dille que para iso se fai un orzamento. Ningún concello, ningunha entidade local ou estatal fai un orzamento sen ter en conta os datos do exercicio anterior, é o lóxico, é que non hai outra forma. Precisamente porque o ano pasado houbo ese gasto de 400.000 euros é polo que este ano non se orzamentan 400 se orzamentan 500.000, porque deben ter en conta que o ano 2013 pode ser peor que o que foi o 2012, entón, esa previsión está aí, e iso non é ningunha falta de responsabilidade, senón todo o contrario.

Tamén se referiu ás axudas de emerxencia social. Dille que o actual grupo de goberno foi o único grupo de goberno que progresivamente foi incrementando esa partida. Cando eles chegaron ao goberno, a partida de emerxencia social era de 40.000 euros, a Sra. concelleira de Servizos Sociais considerou oportuno subila a 57.000 por primeira vez, un incremento do 43%, e no 2013 súbese a 75.000, é dicir, se hai alguén, algún goberno que se teña preocupado das axudas de emerxencia social, ten sido este grupo de goberno.

O voceiro socialista poderá dicir que a partida non lle parece suficiente, poden entrar a debater a suficiencia ou non desa partida, pero a partida está feita con base nos informes técnicos de servizos sociais, que garantizan a suficiencia da partida, pero como todo é imprevisible, o mesmo que o resto de partidas de calquera orzamento, pódese dar a continxencia de que esa partida non sexa suficiente, pois que non lle caiba a menor dúbida de que a principal prioridade será atendela, renunciando ao que sexa, porque esa é a prioridade.

Tamén falou das subvencións de fomento do emprego. Dille que á parte das dotacións municipais para o fomento do emprego que xa existen, e que xa comentou, a Xunta de Galicia, que o voceiro socialista dixo que non achega ningunha subvención, ou que achega menos, cousa que non é certa, inviste só en emprego para os veciños de Cambre, máis de medio millón de euros, e só en 2012. Lémbbralles que é o primeiro ano no que foron atendidos na solicitude de contar cun obradoiro de emprego que agora mesmo está dando formación e emprego a 31 persoas do municipio.

O voceiro socialista tamén lles bota a culpa do paro, vale, iso é moi fácil, dicir que a culpa do paro a ten o goberno municipal, non lle vai rebater, porque non merece nin a pena.

O gasto en festas, claro que diminúe, estaría bo que non o fixera coa que está caendo.

Tamén critican que baixaron as subvencións da Xunta, da deputación, pero lémbbralles que nunca neste municipio se tiñan concedido e tiñan sido beneficiarios de tantas subvencións como dende que este grupo de goberno está aquí, nunca. Tamén lle pode lembrar as subvencións que perdeu, ou estivo a punto de perder, o goberno socialista e compañía, por certo, que nin unha soa subvención se perdeu nos escasos dous anos que levan no goberno, non perderon nin un só euro de subvencións ás que

tiveran acceso, tanto de deputación, como estatais, europeas e da Xunta de Galicia, nin un euro.

Logo tamén lle falan da recadación por multas de tráfico, dicindo que é moi fácil impoñelas aos veciños, pero cre que está bastante confundido, ese aumento significativo da recadación por multas é porque se trasladou a xestión á deputación, a xestión do servizo, non é que a policía local de Cambre ande poñendo máis multas aos veciños, nin moito menos, o que ocorre é que a xestión é máis eficiente, porque agora mesmo está nas mans da deputación.

En canto ás prazas de aparcamento pode dicirlle que unha das principais preocupacións que teñen agora tanto o Sr. alcalde como o resto de concelleiros, é o tema das prazas de aparcamento, e unha das actuacións que se levarán a cabo durante o ano 2013 será velar para que tanto O Temple como o centro de Cambre e A Barcala, teñan aparcamento, ou polo menos, iniciar os pasos que sexan pertinentes.

Tamén falou o voceiro socialista de ausencia de diálogo, e preguntalle de que diálogo, porque el nunca veu falar con ningún membro do grupo de goberno, o partido socialista foi o único grupo da oposición que rexeitou abertamente o diálogo co grupo de goberno. Lémbrale que estes orzamentos non foron traídos a pleno hai un mes, cando se presentou o borrador, porque lles deron ese borrador a todos os grupos para que puidesen presentar propostas. Ela persoalmente púxose en contacto con todos, e o partido socialista foi o único que rexeitou reunirse co grupo de goberno, neste caso con ela mesma, para presentar algún tipo de proposta, emenda ou modificación, o único.

Tamén lles pide o Sr. Rey que reivindiquen medidas contra o paro, pois ben, xa se ten referido antes a iso, e xa se está facendo. Xa falou das subvencións da Xunta de Galicia, ademais, persoalmente, pode dicirlle que para a Xunta de Galicia unha das súas primeiras preocupacións é esa loita, e tamén para o grupo de goberno de Cambre, pídelle que non o dúbide. O voceiro socialista pode opinar que eles non son os máis adecuados para xestionar, e ela respéctao, pode ter a súa opinión particular, pero parécelle moi atrevido referirse a que ninguén se preocupa pola loita contra o paro, cando sabe que non é así.

Respecto do Brincadeira-Rock in Cambre dixo que se dilapidou diñeiro, a ela recuperar o 70% da achega que fixo o concello non lle parece dilapidar diñeiro, para nada. En todo caso, non vai entrar a falar diso, xa o farán, porque non cre que este sexa o momento para falar do Brincadeira, están falando de orzamentos, se queren que se debata do Brincadeira, cando queiran, en calquera pleno, o presentan como punto, e eles saben que o goberno debate todo o que haxa que debater, pero do que están falando agora é da partida orzamentada, que é para o Rock in Cambre, son 100.000 euros, e pódelles parecer mellor o peor, pero é o criterio do grupo de goberno, valorar o sentido económico que ten o Rock in Cambre para o municipio.

Concedida a palabra a don Manuel Marante Gómez, concelleiro de Obras e Servizos, manifesta que lle gustaría facer unha aclaración respecto da partida que o Sr. Rey está dicindo que se trasladou do exercicio anterior para este do 2013, o saneamento das parroquias de Sta. M^a de Vigo e Andeiro. Dille que aparentemente pode parecer

iso, pero que non é así, que os proxectos están feitos e están nas oficinas dende fin de ano, xa se dixo nalgún pleno. O que se atrasou un pouco foi o da seguridade viaria en Meixigo e San Lourenzo, que chegou hai uns días, pero os outros están dende decembro, dende finais de ano. Di que esa partida co mesmo título é para a compra dos terreos para as depuradoras, para o sitio onde van poñer as depuradoras, por iso, independentemente de que apareza unha partida similar, en realidade é para iso, para a compra dos terreos.

Concedida a palabra a don Augusto Rey Moreno manifesta que o do incumprimento dos votos particulares é unha realidade, é dicir, que con independencia de que foran votos particulares do seu grupo, a realidade é que foron compromisos asumidos pola totalidade dos grupos presentes na Corporación, e lembra que o grupo socialista preguntou nunha ocasión como mínimo, no pleno, como estaban eses proxectos e cando se ían levar a cabo. El estivo en contacto, aínda que a Sra. concelleira negue os contactos cos concelleiros, el tivo contactos co Sr. Marante ou coa concelleira de Servizos Sociais. Pregunta á Sra. concelleira como sabe con quen se reuniu el, e pídelle que non o negue.

Di que se alegra de que as memorias valoradas estean feitas, iso é algo que a todos lles preocupaba, pero téñense demorado en exceso, non vai entrar nas razóns, pero a verdade é que para facer unhas memorias valoradas, tardar un ano, xa lles vale. O que ocorre é que por tardar tanto agora resulta que nos orzamentos non vai nin un euro para poder executar as obras, a realidade é esa, non vai nin un euro para poder exectulas.

Outra cousa é que non haxa diñeiro no concello para poder facer fronte a eses investimentos, ou parte deses investimentos, pero lémbrale que o Concello de Cambre recada 440.000 euros/ano de canon da auga, coa obrigaón de Augas de Galicia de retornar se non todo, parte, gran parte ou máis desa cantidade que se recada, en obras de saneamento e obras hidráulicas, e tamén o que xa dixo na súa primeira intervención, e que a Sra. concelleira non rebateu, co cal entende ten toda a razón, que o goberno non orzamenta nin un euro de transferencias da Xunta para investimentos, cero, ou sexa, a Xunta aquí non existe.

En canto ao servizo de universalización dos comedores escolares, dixo a Sra. concelleira que non existe necesidade. Di que probablemente estean falando con diferentes persoas, e dende logo quere dicirlle unha cousa, tendo en conta o recorte que meteu nos comedores escolares a Xunta nos últimos días, máis que nunca reiteran esta solicitude. Este servizo vai ter que poñerse en marcha, queiran ou non queiran, porque vai ser unha demanda xeralizada para o vindeiro curso, tiñan a oportunidade de adiantarse e poñelo en marcha, non custaba nada, pero, unha vez máis, vai collelos o touro.

Dixo a Sra. concelleira que o seu goberno é o que máis incrementou as partidas destinadas a axudas de emerxencia social, por desgraza ten razón, porque a realidade nos últimos dous ou tres anos nada ten que ver coa realidade hai catro ou cinco, e claro que hai que incrementar a partida, el o que lle dí, e afirma, é que coa aprobación da ordenanza que regula esas axudas, que espera que traian pronto a pleno, a partida vai ser insuficiente. En todo caso, gústalle que teña dito que chegado o caso vaise modificar a partida para facer fronte ás demandas que poida haber.

Continúa dicindo que el, no tema de fomentar o emprego e no tema do paro, evidentemente non é tan iluso nin tan estúpido como para botar a culpa da realidade do desemprego neste municipio ao equipo de goberno, pero a realidade está aí, e o que si bota en falta é un compromiso máis forte, non xa dos fondos municipais como dixo, senón un compromiso máis serio e máis contundente das administracións competentes, como poida ser a Xunta de Galicia neste tema. A Sra. concelleira fixo referencia a unhas transferencias que viñeron en diferentes conceptos, pero son insuficientes, Cambre necesita máis fondos, non que veñan da recadación propia dos veciños, senón de transferencias da Xunta de Galicia.

En canto ás multas dixo que obedecía a unha mellor xestión, porque se delegou a competencia da xestión das multas na deputación, pero el entende que alguén poñerá as multas, e supón que serán funcionarios do Concello de Cambre, co cal, se prevén 53.000 euros en multas e no orzamento do 2012 eran 35.000, entende que hai un incremento considerable. Non está dicindo que non haxa que multar, pero que a recadación municipal non dependa só da recadación que poidan facer polo concepto de multas.

En canto ás prazas de aparcamento dixo a concelleira que é unha preocupación do goberno, pois está ben, é unha preocupación do goberno, da oposición e do grupo socialista, pero o certo é que non hai diñeiro para financiarlas, e, ou moito se equivoca, ou as medidas que haxa que adoptar para xerar prazas de aparcamento van implicar investimento, vai haber que poñer diñeiro para facelas.

Di que non vai falar de se rexeitou reunirse coa Sra. concelleira no tema dos orzamentos, pero non é de recibo que a tres días das comisións informativas o chame para reunirse e discutir os orzamentos, non resulta de recibo, e así o tiveron en conta. En canto ás reunións co resto de concelleiros, pídelle que lles pregunte a eles, poderanlle dicir que cando el necesitou algo se lle ten atendido perfectamente, dirixiuse a eles déronlle a información. Entende que se dirixe a quen se ten que dirixir, e recaba a información de quen necesita.

Conclúe dicindo que iso é todo, e que, dende logo coa exposición da Sra. concelleira non cambia para nada o seu posicionamento, todo o contrario, ao final non hai máis saída que ratificarse no voto en contra destes orzamentos. Cre que son uns orzamentos mellorables, e que deles dependería telos mellorado.

Concedida a palabra a dona Marta M^a Vázquez Golpe manifesta que o Sr. Rey referiuse á ausencia de obras hidráulicas polo imposto do canon da auga. Xa tiñan falado noutro pleno de que o canon da auga revirte en investimentos de carácter xeral, non se retribúe a cantidade que achega de cada municipio a cada municipio, senón que son obras de interese xeral, pero dille que a Cambre, en concreto, vaille tocar unha obra da Xunta de Galicia por valor de 1.300.000 euros, que é o tanque de tormentas. Non sabe que outras obras hidráulicas poidan chegar, pero de momento iso é o que hai, grazas ao canon da auga.

Dixo o Sr. voceiro que a Xunta de Galicia recorta no servizo de comedor, ela non vai entrar a debater iso, porque agora mesmo o que están a debater son os orzamentos,

pero tampouco é así, porque o que fixo a Xunta é suprimir a norma xeral de que quen máis rico é, máis servizos gratis ten, pero non vai entrar niso.

Tamén dixo que é pola crise que coincidiu que sexa o seu goberno o que máis incrementa a partida de servizos sociais, pero dille que tamén hai que facelo, se é o seu goberno ou se é outro, neste caso é o seu, se tivera sido o socialista, tería sido, pero é unha obrigación. Ademais, como xa dixo, se por calquera situación de emerxencia, ou por calquera outro tipo de continxencia, a partida non fora suficiente, o goberno municipal garantiza que o servizo vaise prestar na súa totalidade durante todo o ano 2012. Quere lembrar que a partida de 75.000 euros que se destina a emerxencia social non se orzamenta para o ano completo, orzáméntase para un máximo de 8 meses, porque agora mesmo están xa no mes de marzo, o orzamento termina o 31 de decembro de 2013, e aínda no caso de que a ordenanza fora aprobada, posta en práctica e aumentase o número de usuarios, se aprobaría, como moi pronto, nun par de meses, iso tirando polo baixo. Di que é unha partida que está destinada a cubrir as necesidades de emerxencia social durante un período de 8 meses, se fosen 12, a partida sería polo menos de 125.000 euros.

Tamén fala o voceiro socialista de que as administracións teñen que ter un compromiso máis amplo co fomento do emprego e coa loita contra o paro, para ela é unha cuestión de opinións, ela cre que si o ten, en concreto agora mesmo a administración do Estado vai sacar bastantes medidas para a loita contra o desemprego que van afectar a todos, e tamén aos veciños de Cambre.

En canto ás multas, volve dicirlle que non é que se multe máis, senón que mellora a xestión, había multas que non se cobraban, que non se pagaban. A deputación, loxicamente, ten moitísima máis infraestrutura e máis medios para poder cobrar os recargos de apremio, os intereses de demora, e para facer efectivas esas multas. Unha entidade local, polos motivos que sexa, porque hai menos medios, ou porque hai menos infraestrutura, ás veces non pode chegar a cobrar, a deputación si, é igual que calquera outra sanción ben xestionada.

En canto ás prazas de aparcamento, si que hai unha partida de infraestrutura urbana, que se dota con 85.000 euros e que está destinada a outros imprevistos, pero tamén a prazas de aparcamento. Logo xa verán o financiamento, pero repítelle que é preocupación do grupo de goberno dotar a todo o municipio de prazas de aparcamento, como non o vai ser, e así o será ao longo do 2013, darán os pasos que se poidan dar dentro do posible, para solucionar ese problema que existe. Di que xa saben que o orzamento é limitado e as necesidades teñen unha escala de prioridades, pero esta si que é unha á que se dotou de partida orzamentaria.

Conclúe dicindo que non ten nada máis que contestar á segunda intervención do Sr. Augusto Rey.

Toma a palabra o Sr. alcalde para sinalar que, tal e como acordaron, van ter logo outra quenda para contestar.

Don Augusto Rey Moreno manifesta que é unha cuestión moi breve, non vai entrar no tema do incremento de emerxencia social, nin no fomento do emprego, que son temas

o suficientemente graves para que todos estean preocupados por eles, pero si lle gustaría facer un comentario con respecto ao que a Sra. concelleira dixo sobre a transferencia que se vai facer, ou mellor dito a obra que se vai executar por Augas de Galicia con cargo a obras hidráulicas, que é o tanque de tormentas por un importe de 1.300.000 euros. Pregúntalle se ela sinceramente cre que esa é unha prioridade en obras de abastecemento e saneamento en Cambre. Di que esa é unha obra que a quen lle interesa é a Xunta de Galicia, non a eles, e terá que executarse, evidentemente, pero o que a Xunta non pode facer é impoñerlles as prioridades, e a Xunta de Galicia, dende as súas competencias hidráulicas, tamén pode executar unha obra, polas súas propias competencias, para intentar arranxar ese problema que existe. Non di que non sexa necesaria, pero vistas as obrigacións e as prioridades dos veciños de Cambre agora mesmo, se lles falan do 1.300.000 euros aos veciños de Andeiro e Sta. M^a de Vigo, que non teñen nin un metro de saneamento, e se lles di que se vai gastar nun tanque de tormentas, dirán que non, que lles fagan os sumidoiros a eles.

Conclúe dicindo que iso é o único que quería dicir, non é que esa obra non sexa necesaria, pero non é unha prioridade para o goberno municipal de Cambre, é unha prioridade para a administración autonómica en materia hidráulica, nada máis.

Concedida a palabra a dona Marta M^a Vázquez Golpe simplemente quere dicir que tendo en conta a situación da ría do Burgo, non entende nada, porque por unha parte cando non hai investimentos piden o saneamento da ría do Burgo xa, preguntan cando a Xunta vai acometer accións, e cando as acomete, pois non queren que as acometan, pide que lle expliquen como se entende iso, porque ela non o entende, pero é a súa opinión.

Concedida a palabra a don Óscar Alfonso García Patiño, voceiro de UxC, manifesta que, en principio, gustaríalle comentar as declaracións do Sr. alcalde na prensa, onde di que: *“Os orzamentos do 2013 son os máis sociais da historia”* (o mesmo que acaba de dicir a Sra. concelleira), e continúa dicindo o artigo que *“analizadas as partidas Manuel Rivas asegurou que o orzamento global do 2013 redúcese de forma pouco significativa, pero, non obstante, aumenta o gasto en política social, emprego, educación e deporte. Trátase dun orzamento austero, realista e rigoroso. Neste sentido afirmou que, no momento actual, a administración de Cambre debe apertarse o cinto, pero aínda así este borrador de orzamentos son os máis sociais da historia do municipio.”*

Don Óscar García Patiño di que quere lembrarlle ao Sr. alcalde que a situación na que están vén dada pola política do seu partido, o PP, no goberno do Estado e na Xunta de Galicia, onde sistematicamente vén penando as políticas que agora queren defender dende o municipio. Di que se refire ás políticas sociais de educación e emprego que está seguindo o PP. Nos orzamentos xerais do Estado de 2013 o Ministerio de Educación, Cultura e Deporte, ten un 17,2% menos, o Ministerio de Emprego e Seguridade Social un 8,3% e o Ministerio de Sanidade un 22,6%. Nos orzamentos da Xunta, a Consellería de Sanidade sofre unha mingua de 51 millóns, Traballo e Benestar de 12 millóns, iso ademais da dilapidación do diñeiro público en obras faraónicas que hipotecan aos galegos, e os veciños de Cambre ven como se lles recortan os investimentos. O gasto da Xunta no inacabado complexo do monte

Gaiás, que tería que saír por 108,2 millóns e levan 300 millóns de euros e aínda non está terminado, os 6 millóns de euros que se pagan cada ano a Ryanair por operar dende a Lavacolla, os 70 millóns de euros que teñen previsto investir no 2013 nos aeroportos de Peinador e Alvedro, iso cando no 2012 o gasto estatal no aeroporto da Coruña foi de 15 millóns, 45 en Lavacolla e 29 en Peinador, máis de 90 millóns. Di que todos eses investimentos non poden deixar de velos dende o punto de vista dun veciño de Cambre que non ten rede de sumidoiros, beirarrúas, que se lle corta a luz, que non ten onde aparcar ou que non ten para pagar unha hipoteca. É unha barbaridade.

Continúa dicindo que despois de explicar que é o mesmo partido o que fai os recortes e investimentos en hipotecalos, vaise centrar nos orzamentos municipais. En principio manifesta a súa protesta por convocalos despois de convocar o pleno. Falaba a concelleira agora mesmo de responsabilidade, a el a responsabilidade do goberno cre que sería intentar consensuar o orzamento, antes incluso de convocalo. Di que ven como segue sen contratar o servizo de auga, que lles podería achegar investimentos tan necesarias e que lles custa 460.000 euros neste exercicio. Respecto da subvención á Cruz Vermella de 32.000 euros, está incumprindo o acordo adoptado polo pleno con data 23 de xaneiro de 2012, onde se especificou que a reforma do local sería acometida pola Cruz Vermella Española, unha vez se asinase o convenio de colaboración, polo que para o Concello de Cambre non suporía ningún gasto. Aínda non se lles explicou o por que desa subvención á reforma.

Outro acordo plenario que incumpriu este goberno é o de formar unha comisión especial mixta para buscar alternativas que eviten os desafiuzamentos, tal e como se acordou no pleno do 17 de novembro de 2011 nunha moción presentada por Esquerda Unida.

Respecto da achega de 10.000 euros ao transporte adaptado, volven dicir o que dixeron no 2012, que é unha competencia da Xunta de Galicia, o 065 ten que prestar un servizo completo e de calidade, e dende o goberno municipal debe esixirse á Xunta que cumpra coas súas responsabilidades e non ser os veciños de Cambre os que cos seus impostos paguen o mal funcionamento do goberno da Xunta.

Di que ven excesiva, nestes momentos, a partida que dedican ao Rock in Cambre, 100.000 euros. O goberno municipal dixo respecto do investimento do Brincadeira do 2012, que o Rock in Cambre custaba ao redor de 70.000 euros, cren que a aposta de 100.000 é excesiva, e que se debería volver á esencia do Rock in Cambre, que sexan os grupos musicais e as asociacións xuvenís os que organicen o festival, eles iniciaron este festival e eles deben participar na organización, seguro que se aforrarían un montón de diñeiro, diñeiro que, como ven no orzamento destinado a xuventude, segue penando aos mozos de Cambre. Dende o 2010 tense rebaixado un 33% en mantemento de rutas, un 21,48% en programas xuvenís, e un 10% en intervención social entre mozos, sen que aparezan novos programas para os mozos de Cambre.

Tampouco ven no orzamento presentado ningunha partida para os aparcadoiros na Barcala, Cambre e O Graxal, tan necesarios e urxentes, e tamén ven como se reduce á metade o orzamento para participación cidadá, é un claro exemplo do que este goberno aposta pola participación dos veciños na política municipal.

A concelleira de Promoción Económica destacou en prensa que os recortes que se aplicarán para incrementar as partidas sociais, son a previsión de gastos en órganos de goberno e oposición, con 52.000 euros menos. Pídelles por favor que deixen de tomarlles o pelo, que os veciños de Cambre non son tontos, porque deses 52.000 euros que din que rebaixan, 33.000 corresponden á subida que tiñan realizado aos grupos municipais no 2012, que aínda hoxe non saben a que se debía, e que despois dunha moción presentada por Unión por Cambre e aprobada en pleno, destinouse a programas de servizos sociais, polo que non rebaixan esa cantidade, senón que non debería contemplarse. Outros 8.000 euros corresponden ao que os concelleiros de UxC deberían percibir por asistencias, e que renunciaron en xuño do ano pasado para destinalos a programas de servizos sociais.

Di que dos 120.000 euros da partida de axudas de custo e asistencias a órganos de goberno no ano 2012, só se executaron 84.902, se ademais contan que no 2012 terminou o proxecto Elcanet, non deberían enganar aos veciños coas súas manifestacións.

Continúa dicindo que UxC no pleno de xuño do ano pasado, solicitou ao grupo de goberno unha rebaixa nos gastos do goberno do 25%, e fundamentárono en que para eles o goberno municipal non tiña feito nin o traballo nin a xestión necesaria para percibir as cantidades que están cobrando. Limitáanse a dicir que rebaixaron 52.000 euros en órganos de goberno, que tal e como acaba de explicar, é unha tomadura de pelo.

Dille ao goberno municipal que non teñen feito as alegacións ao plan sectorial de ordenación de áreas empresariais de Galicia, da Xunta de Galicia, hipotecan o futuro comercial e industrial de Cambre. O Plan xeral leva 10 meses de atraso. Se non fose pola oposición, que votou unha moción presentada por UxC, permitían a especulación no polígono industrial. A día de hoxe non teñen informada á oposición, e por defecto aos veciños de Cambre, de cales son as vantaxes e inconvenientes que ten a EDAR de Bens.

Na comparecencia do concelleiro de Cultura, referente ao festival Brincadeira, mentiulles, díxolles aos veciños de Cambre que as perdas do dito festival eran de 70.000 euros, cando despois de analizar as facturas, as perdas son máis de 100.000 euros, sen contar que aínda teñen un cobro pendente das empresas organizadoras, de 100.000 euros que teñen que facer efectivo no mes de maio deste ano. Nese convenio coas empresas viron como non se seguiu ningún procedemento administrativo para garantir a transparencia do dito convenio, polo que os informes de Intervención son disconformes. Pregúntalle ao Sr. alcalde a que xoga o seu goberno, non é a súa empresa na que pode asinar o convenio que lle veña en gana, é o diñeiro dos veciños de Cambre, e os veciños de Cambre esíxenlle un respecto ás normas, esíxenlle claridade e transparencia. Di que non viron un balance do festival na documentación que lles ensinaron, non teñen o visto e prace da Intervención municipal, pregunta por que teñen que crer que os números que presentan son os reais.

Falaban de responsabilidade, el dilles que a responsabilidade é consensuar, é

negociar e é a transparencia co resto dos grupos políticos e cos veciños e veciñas de Cambre.

Conclúe dicindo que o seu grupo non pode permitir que sigan por ese camiño, o goberno actual xerou nos veciños de Cambre unha total desconfianza, ven que están baleiros e faltos de proxectos para Cambre, polo que o seu voto vai ser en contra.

Concedida a palabra a dona Marta M^a Vázquez Golpe manifesta que o voceiro de UxC referiuse en primeiro lugar ás políticas do Estado e da Xunta como creadoras da crise económica, e fala dos orzamentos da Xunta, das distintas partidas, ela diríalle que se presentase como candidato á Xunta de Galicia, non a concelleiro do Concello de Cambre. Cre que o que interesa aos veciños é que se debatan os orzamentos, as partidas que lles afectan, e, en concreto, a xestión económica dun grupo de goberno que está aquí, non na Xunta nin en Madrid.

Tamén lles fai chegar a súa protesta por non telo convocado antes do pleno. Dille que o borrador de orzamentos entregouse a todos os grupos hai máis dun mes, e ningún tivo a ben presentar nin unha soa proposta, nin unha soa emenda, nin unha soa modificación, tampouco cando os reuniu a todos eles a semana pasada, nin unha. Realmente non sabe a que están xogando. Os grupos da oposición veñen a dicir ao pleno que non se escoitan as súas propostas, pero tampouco presentaron nin unha soa modificación, nin unha partida, nada, nin a máis mínima intervención na elaboración dos orzamentos, e non será porque o equipo de goberno non queira dialogar, porque a oposición tivo o borrador nas súas mans hai un mes, que é o mesmo, idéntico, ao que se trae hoxe aquí. O pleno dos orzamentos convocouse a semana pasada, polo tanto, tiveron máis de tres semanas para velo, discutilo, falar, presentar modificacións, o que eles tiveran querido, porque saben que están no concello todos os días para recibir esas propostas.

Di que o voceiro de UxC tamén falou do contrato do servizo de auga, e é certo, é un contrato que agora mesmo hai que velo e hai que sacalo, está en marcha a contratación, e agardan, coa finalización do Arume, ter máis persoal para poder facelo.

En canto á reforma do local da Cruz Vermella Española falou o Sr. concelleiro de que era unha subvención nominativa, a título gratuito, que o concello non poñía nada, pero a ela gustaríalle explicar que o local da Cruz Vermella comparte espazo co banco de alimentos municipal, que ocupa case 200 metros do propio local, e non poden pretender que sexa a Cruz Vermella a que reforme tamén o local de banco de alimentos que vai dar servizo tamén ás persoas que necesiten facer uso desas prestacións. A subvención que o concello dá á Cruz Vermella, non é para toda a obra, senón que cubre só a parte de obra da que se vai beneficiar o concello, é dicir, o local do banco de alimentos, ademais dunha parte que é para dotalo de mobiliario.

No que se refire ao transporte adaptado, que o Sr. concelleiro di que sería competencia da Xunta de Galicia, dille que a Xunta de Galicia está prestando xa esa competencia, o que está facendo a Concellería de Servizos Sociais é complementar, dalgunha maneira, un servizo que doutra forma para determinados usuarios non tería cobertura, pero si que se está prestando pola Xunta de Galicia, pode parecerlles mellor ou peor, pero si que está sendo prestado.

Dixo tamén que lle parecía excesiva a partida do Rock in Cambre, e eles respéctano, pero lémbrales que a partida no ano 2011 era de 90.000 euros, no ano 2012 foi a partida correspondente ao festival Brincadeira, e no ano 2013 o que fan é incrementar 10.000 euros máis a partida do 2011. Para eles o festival Rock in Cambre, xa o repetiron en varias ocasións, non cren que sexa só un festexo, cren que é un valor que o concello debe potenciar, é un atractivo turístico e comercial para o Concello de Cambre, polo tanto, é o criterio do equipo de goberno, que podería ser outro, pero non, é ese e van defendelo, promocionalo e dotalo da partida orzamentaria que poida facer do Rock in Cambre un evento de interese cultural e turístico.

Tamén dixo o voceiro de UxC que non aparecen novas partidas para xuventude, dille que as partidas de xuventude experimentaron o incremento no ano 2012, este ano mantéñense totalmente igual, non se subiron pero tampouco se baixaron, estanse mantendo todos os programas, son partidas que están dando cobertura a todas as actividades de xuventude e, polo tanto, non hai porqué baixar nin porqué subir. Se houberse máis dispoñibilidade económica, máis fondos, ao mellor si se podería subir, pero en principio as partidas quedan como están porque están dando cobertura a todas as actividades que se organizan dende a área de Xuventude.

En canto ás axudas de custo e asistencias é certo que unha das renuncias do grupo de Unión por Cambre foi esa, e claro que tamén repercutiu, pero di que repercuten tamén outras baixadas, en gastos xurídicos, en protocolo, etc. En canto aos soldos, xa debateron en varias ocasións dos soldos dos concelleiros, da oposición, das asistencias, teñen debatido ata a saciedade, e poden volver a debatilo cando o queiran propoñer.

En canto a que o Plan xeral leva ese tempo de atraso que dixo, pois non, tampouco, leva 3 meses de atraso.

En canto ao festival Brincadeira cre que é unha cuestión que xa se debateu tamén en varios plenos. O concelleiro de Cultura someteuse aos requirimentos e ás preguntas dos grupos da oposición, contestounas, e dille o mesmo, non é un asunto que haxa que debater agora.

Conclúe dicindo que no que se refire ao tema de consensuar e negociar, e ao feito de que os teñen avisado uns días antes do orzamento, dille que claro, porque ningún grupo se presentou antes a falar con eles, por iso os avisaron antes de convocar a comisión.

Concedida a palabra a don Óscar Alfonso García Patiño manifesta que el non se presentou a concelleiro, el presentouse para a Alcaldía de Cambre, como número 1 de UxC, e o que dixo sobre o partido do PP a nivel estatal e autonómico, díxoo porque é o partido do goberno municipal, o seu, non o del, non é outro, é o seu partido o que está facendo esas políticas, porque aquí parece que en Cambre son un partido totalmente distinto. O que eles lles piden, como veciños de Cambre, como farían a calquera goberno, é que pelexen polos intereses dos veciños de Cambre, non polos seus propios intereses, nin que defendan as políticas do seu partido, esa é a razón do comezo da súa intervención.

Dixo a Sra. concelleira que non fixeron propostas neste orzamento, el dille que hai un ano fixeron unha proposta para uns aparcadoiros na Barcala, que máis que unha proposta se achegaba máis a un proxecto xa feito, e a día de hoxe aínda non teñen información do que o equipo de goberno ten pensado facer con iso. Di que hai un ano, máis de un ano, en xaneiro do ano pasado fixeron esa proposta.

Tamén dixo que non sabía a que estaban xogando, e el dille que eles non xogan, para eles isto non é un xogo.

Co tema da Cruz Vermella lembra que hai unha moción aprobada no pleno, e se hai algún cambio que afecte a esa moción aprobada no pleno deberían, como mínimo, explicala. Díxolles que era polo tema do banco de alimentos, e poden enténdelo, pero como mínimo terían que telo explicado nunhas comisións, nun pleno, xa que foi en pleno onde se aprobou esa moción.

Do Rock in Cambre a Sra. concelleira dixo que é cuestión de apostas, e claro que si, o goberno aposta en gastar 100.000 euros no Rock in Cambre, e UxC ve excesiva esa aposta. Que é un valor, por suposto, que é un atractivo turístico, pode selo, por suposto, non obstante, baixo o seu punto de vista quedou menosprezado no festival Brincadeira, onde se lle deu demaxiado auxe ao festival Brincadeira e moi pouco ao Rock in Cambre.

En xuventude o goberno dá cobertura a todo o que están facendo nese departamento dende hai un montón de anos, pero non viron ningún proxecto novo, ningún, dende que están gobernando.

E para finalizar, en relación co que dixo a Sra. concelleira de que aquí non veñen a tratar do Brincadeira, dille que aquí veñen a tratar da xestión duns orzamentos nos cales se inclúe o festival Brincadeira do ano 2012. Están falando de xestión, da xestión do orzamento, e eles falan da xestión do orzamento do 2012, onde para eles o goberno municipal non o fixo ben, e iso é o que intentan dicir coa súa exposición. Dilles que non o fixeron ben no 2012 e non teñen a súa confianza para facelo ben no 2013, por iso manteñen que o seu voto vai ser en contra destes orzamentos.

Concedida a palabra a dona Marta M^a Vázquez Golpe manifesta que simplemente quere contestar ao tema da suposta proposta da que falou o Sr. García.

Don Óscar Alfonso García Patiño intervén para dicir que é por escrito e por rexistro, non é suposta proposta, foi presentada por rexistro.

Dona Marta M^a Vázquez Golpe manifesta que si foi por rexistro, pero fala de “suposta” porque o Sr. García dicía que había un propietario que cedía uns terreos e ese propietario non cedía os terreos, entón o que non se pode facer é tomar en consideración unha proposta que non ten viabilidade, porque a persoa que di ceder ao Concello de Cambre uns terreos, despois resulta que non os cede. Di que cando falou de “suposta” non o fixo porque dubide de que a proposta tivera sido efectivamente presentada por rexistro, dubida da suposta viabilidade da proposta.

En canto ao tema do Rock in Cambre, cre que xa aclarou antes cal é a súa postura, e seguen opinando que o Rock in Cambre é un valor económico que deben protexer e promocionar.

Concedida a palabra a don Óscar Alfonso García Patiño manifesta que eles non teñen constancia, a día de hoxe, de que o propietario non cedese os terreos. Cando se reuniron co propietario e co Sr. alcalde, había dispoñibilidade absoluta a ceder eses terreos.

Toma a palabra o Sr. alcalde para manifestar que non quería intervir, pero aquí si ten que facelo, porque esta discusión xa a trouxo o voceiro de UxC a outro pleno. Dille ao Sr. concelleiro que sabe perfectamente, porque estivo co propietario na súa oficina, que el cedía os terreos para que se fixera a explanación que custaba 24.000 euros, pero no momento no que o propietario requirira eses terreos, había que devolvelos, podían ser 5 meses, como podían ser 5 anos. Dille que como comprenderá, investir diñeiro público nun terreo privado, para que ao cabo de dous meses ese propietario lles pida que lle devolvan o terreo, comprenderá que este concello non está disposto a facelo, e o alcalde, menos. E iso de que non llelo explicou, non é verdade, porque el explicoullo ao seu grupo, pídelle que non diga que non, porque o concelleiro de UxC co que falou está aquí presente, e el tenlle explicado a situación, porque el non está disposto a facer esas xogadas. O que si fixo é iniciar o trámite para que unha zona verde se poida transformar nun aparcadoiro, iso si que o fixo, porque é un terreo público e cre que é o que hai que facer.

Conclúe dicindo que simplemente se trata dunha aclaración, porque se ve implicado nun asunto e xa o teñen discutido aquí nun pleno.

Concedida a palabra a don Óscar Alfonso García Patiño manifesta que o propietario, mentres que non haxa un Plan xeral, en principio estaba disposto a cedelo, iso díxoo diante deles. Por outra parte, di que o seu grupo non fixo unha proposta dun aparcadoiro na Barcala, fixeron a de dous aparcadoiros na Barcala, que se non se equivoca é ao que se referiu agora o Sr. alcalde, que é fronte ao Eroski, onde quere cambiar a zona verde para poder facelo. Di que se trata de dúas propostas de UxC, e a día de hoxe, a da zona verde non lles tiña comunicado nada, e a outra, diante deles o propietario comprometeuse a ceder o terreo mentres non houbese un Plan xeral, ou ata logo do aviso que se puidera estipular no posible convenio, porque claro que tería que facerse outra vez coa súa propiedade, é súa. En canto á valoración que fixo o Sr. alcalde de 26.000 euros, é a súa valoración.

Toma a palabra o Sr. alcalde para explicar que el vén aquí a discutir os orzamentos de Cambre para o ano 2013, e eles poderán estar de acordo ou en desacordo, non vén a discutir do aparcadoiro da Barcala, pero dille ao Sr. García que despois da reunión que tiveron ambos co propietario dos terreos, el persoalmente, co propietario dos terreos, tivo catro reunións máis, e ese propietario non lle manifestou o do Plan xeral nin outras cousas, o que lle dixo é que iso tiña que estar a libre disposición, ou sexa, que el o pode ceder e o concello facer a obra, pero se ao mes seguinte el o vende, ou por calquera motivo o reclama, o concello ten que entregalo. Di que esa manifestación fíxolla a el o propietario do terreo, e o concello non vai facer unha obra nun terreo privado, así de claro.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU, manifesta que el coincide coas manifestacións que fixo a concelleira de Facenda no sentido de que están nunha situación socio-económica difícil, efectivamente, e el diría máis, están nunha situación dunha convulsión política como hai moitísimos anos, dende que teñen democracia, non existe neste país, motivada fundamentalmente polos casos de corrupción existentes na política deste país.

Pasando xa ao tema que lles trae, que son os orzamentos, quere dicir que para o seu grupo a estrutura deses orzamentos divídese en catro puntos que eles consideran fundamentais, que son os poucos recursos, as políticas de creación de emprego, a participación cidadá e o xeito de gobernar do goberno municipal.

Dixo o dos poucos recursos porque xa comentaron os compañeiros que o precederon que están baixo mínimos, carecen dun Plan xeral de ordenación municipal, que é unha ferramenta fundamental para xerar recursos para a creación de traballo e emprego en Cambre e para darlle un impulso importante a este municipio, a propia Intervención así o recoñecía, non se urbaniza en Cambre, non se fan obras en Cambre, e iso incide en que non se xera diñeiro e, por conseguinte, non se pode investir.

Di que están falando da importancia do Plan xeral de ordenación municipal, e o Sr. alcalde e este goberno teñen que ter presente, como o teñen todos, que non é que a el se lle faga imposible, pero se lle fai bastante estraño que en menos de 6 meses por este concello pasaran 3 arquitectos. Cre que nos momentos nos que están, e cun documento tan importante para Cambre en elaboración, debería haber un único arquitecto, como tiñan antes un arquitecto municipal, dedicado exclusivamente a ese tema. Este motivo, non ter un Plan xeral, xa o dixo na pasada lexislatura, e incluso na outra, porque levan moitísimo tempo carentes dese documento, é un motivo para non xerar diñeiro.

Pero di que hai outros motivos polos cales non se xera diñeiro neste concello, e polos cales non se pode investir e non se poden facer cousas, xa o dixeron varias veces e presentaron algunha proposta. Di que non teñen coñecemento do que pasa co IBI que están pendentes de cobrar polas inundacións do encoro de Cecebre. Hai un IBI pendente, o Concello da Coruña débelle un diñeiro, aproximadamente, 50.000 euros, que levan dende o ano 2002 sen que se lles ingrese, creando un grave prexuízo para o concello. Nese sentido, como dixo antes, xa teñen presentado algún tipo de alternativas nos plenos.

Respecto dos ingresos, cre que se reducen máis ou menos 240.000 euros respecto do ano anterior. El tamén di como os seus compañeiros, que o goberno local non tivo unha dinámica, unha forza de esixirlle aos outros gobernos, tanto ao central como ao autonómico, que lle deran máis diñeiro ao Concello de Cambre. Ademais, di que niso discrepa coa concelleira, efectivamente, algún diñeiro si que lles deron para Cambre, pero pensa que non é o suficiente, sobre todo dunhas administracións amigas, do mesmo partido.

Di tamén que non se recada diñeiro porque están esperando que lles informen que pasa co censo da xerarquía eclesiástica, cos bens que ten a xerarquía eclesiástica

aquí en Cambre. EU presentou unha moción para poderlle cobrar a contribución á Igrexa, igual que pagan todos os veciños de Cambre, pregunta por que non vai pagar tamén a Igrexa, é máis, e nunca mellor dito, tería que pagar relixiosamente o IBI se lle corresponde. Reitera que están agardando que lles faciliten ese censo, que tamén limita a capacidade económica do concello para poder ingresar diñeiro e tamén para investir.

En canto ao tema dos ingresos, xa se falou antes, ingrésanse 14.600 euros por taxas de carteis publicitarios, 9.000 euros por ocupación da venda ambulante, e, efectivamente, 50.000 euros por multas de tráfico. Decía a Sra. concelleira que é a eficacia da deputación a fai que iso aumente, pero el esa mesma eficacia tamén llela pediría á deputación para cobrar o IBI do encoro de Cecebre.

A pesar de que o equipo de goberno se empeñe en facerlles ver que estes orzamentos son uns orzamentos sociais, el dilles que non, e tampouco o foron o pasado ano. Si que ten que recoñecer, e non lle importa, as partidas que aumentan en axudas a emerxencia social, e o incremento de máis de 100.000 euros na axuda a domicilio, ten que recoñecelo, sería torpe se non o fixese, pero para eles a todas luces estas partidas non van chegar, é pouco, e posiblemente lles ocorra o mesmo que xa ocorreu o pasado ano, que á metade do exercicio teñan que aumentar as partidas e facer unha transferencia de crédito, é moi posible, porque tendo en conta as demandas que hai e a realidade existente non só no país, senón en Cambre, cre que se van ter que revisar.

Continúa dicindo que outro punto que enumerou ao principio é o das políticas de emprego. O Sr. alcalde, o goberno, e todos os compañeiros, saben que o grupo de Esquerda Unida, xa dixo en diversas ocasións que para eles o obxectivo básico era colocar a loita contra o desemprego nunha prioridade, a máis importante nesta lexislatura. Eles apostaron, xa dende sempre, por un cambio real na orde de prioridades, e consideran que o emprego e o traballo é unha prioridade para as persoas e familias que están en precario, cren que hai que telas en conta dunha maneira moi especial.

Nese tema di que non poden compartir a opinión do Sr. alcalde e do equipo de goberno que lles teñen dito moitas veces que non é tarefa do concello crear emprego, e, efectivamente, o concello ten poucas competencias para crear emprego, está moi limitado, pero cre que ningunha lei impide que os concellos poidan ter un plan de emprego, e EU, nese sentido, si que presentou alternativas, pódese conseguir un plan de emprego municipal específico para afrontar os dramas sociais que teñen no concello.

Dille ao Sr. alcalde que nestes momentos el ten apuntado un paro de 2.392 persoas, son sobre 400 persoas máis que cando accedeu á Alcaldía, tendo en conta, ademais, que o mes pasado o paro en Cambre subiu máis que en ningún concello do contorno. Como dixo antes, EU ten presentado xa distintas alternativas que non se tiveron en conta para paliar esa cuestión, co fin de corrixir a dramática situación que están vivindo moitísimas familias neste concello, como dixo antes, 2.392, e moitas sen ningún tipo de recursos e sen ningún tipo de prestación social.

No tema da participación, di que o goberno municipal practicamente a lapida, se o ano

pasado había 20.000 euros para participación, este ano reducen un 50%, é dicir, 10.000 euros, iso quere dicir que non teñen na súa axenda poñer en funcionamento o Regulamento de participación cidadá, iso está clarísimo, reducen as partidas e, ademais, xa se ve a vontade que teñen. Pero en EU non van asumir, mentres teñan representación neste concello, que se humille dun xeito tan claro o que para eles é a base da forma de ver a política, refírese á participación cidadá. Se o ano pasado a partida xa era irrisoria, este ano pasa á metade, un 50% menos.

Di que o seu grupo defende e defenderá o investimento en accións e programas que faciliten e promovan a participación da sociedade e de todos os veciños na política directa en Cambre.

Ademais, respecto dos orzamentos, dille ao Sr. alcalde que están convencidos, e o propio Regulamento de participación tamén o contempla, que deberían de facerse orzamentos participativos, xornadas abertas nas distintas parroquias do concello, escoitar á veciñanza, para saber que prioridades son as que teñen para investir, porque ao mellor non queren un punto de luz, ao mellor queren que se arranxe un camiño, ou ao mellor queren que se faga un colexio. Hai que ir xunto aos veciños co documento e dicirlles, primeiro o que é un orzamento, explicarlles que ese é o orzamento ao que eles achegan o seu diñeiro para que se leve a cabo. Aí é onde se poderían recoller distintas propostas e distintas suxestións, polo menos recollelas, despois outra cousa sería, ao mellor, levalas a cabo. Iso é para EU a democracia directa, a democracia participativa, porque para eles é algo máis que ir ás urnas e votar cada catro anos, ou saír na prensa. A democracia é iso, pero a participación tamén o é.

Continúa dicindo que tamén se falou das festas populares, cre que no total son uns 250.000 euros. O seu grupo está totalmente a prol dos festexos, das festas, consideran que é unha alegría para as persoas, pero ben, hai que destinar fondos públicos para fomentalas, e non sabe se ao mellor pode manterse ese gasto se, como antes dixo a concelleira, hai outro tipo de prioridades. Di que el aquí tamén establece prioridades, e para el, ao mellor, é máis importante que unha persoa busque traballo, porque como xa dixo nunha ocasión, aos rapaces gústalles divertirse, pero primeiro teñen que ter cartos para poder gastalos.

Coinciden co alcalde e coa concelleira na supresión do festival Brincadeira, cre que coinciden todos, e incluso tamén coinciden en que se eliminen os 17.000 euros sobre as festas, tamén coinciden, non lles importa recoñecelo, pero aquí queren facer un pequeno matiz, porque existen moitas fórmulas para poder celebrar unas festas patronais, partindo de que se poden facer mediante comisións de festas, e esas comisións poden ter certos acordos e cobrar aos empresarios, pero o que para el non é de recibo, ou polo menos non é ético, é que o Concello de Cambre, cando son as festas, envíe unha carta aos empresarios de Cambre para que colaboren coas festas, para el non é ético, de verdade, porque son empresas que na súa maioría son as que prestan servizos ao concello, e, en certo modo, como lle ten comentado a el algunha persoa, case se ven obrigadas a contribuír, porque se non, ao mellor non saen na foto. Iso para el é un mal costume, sinceramente, pode haber outras formas e cre que a Sra. concelleira coincidirá neste sentido coa súa apreciación.

Continúa dicindo que volven tropezar nas mesmas pedras que o ano pasado. Pon

como exemplo as comunicacións telefónicas, ás cales seguen destinando 120.000 euros. O ano pasado o Sr. alcalde deu a calada por resposta cando lle pediron que explicara eses 120.000 euros, iso cando o Sr. alcalde, nunha entrevista nos medios de comunicación antes de acceder á Alcaldía, dixo que 120.000 euros lle parecían unha dilapidación, iso díxoo o Sr. alcalde, e por iso lles gustaría que explicaran por que se antes era unha dilapidación, agora están ben eses 120.000 euros.

Di que aínda que poidan pecar de pesados, porque xa se falou aquí un pouco por riba, queren volver a tocar o tema da retribución dos membros do goberno. Orzaméntanse 260.000 euros con motivo das asignacións e medias dedicacións do goberno. Dilles que o que están facendo con estes orzamentos é garantir os seus soldos, iso está claro. Solicita que non lles pidan a eles, ao conxunto da oposición, que fagan un exercicio de responsabilidade, utilizando á prensa como mensaxeira, cando o exercicio de responsabilidade ten que partir do propio alcalde e do propio goberno.

Dille ao Sr. alcalde que EU non pode avaliar uns orzamentos onde se contemplan unha serie de servizos fundamentais como son a subministración da auga, o tema da rede de sumidoiros, o mantemento eléctrico ou o mantemento de xardíns, que seguen estando en precario, hai moitísimo tempo. Sabe ben que o Sr. alcalde leva ano e pouco, pero seguen estando en precario, e eles non poden apoiar uns orzamentos onde eses servizos sigan estando así.

Continúa dicindo que noutro dos catro puntos aos que se referiu ao principio falou do xeito de gobernar. El sabe que aquí o talante do equipo de goberno non é todo o mesmo, pero teñen que ser críticos coa maneira de proceder dalgúns dos membros do goberno, que actúan con certa arrogancia e certa prepotencia, e en moitos casos rexeitando ou desprezando as alternativas que presentaron os outros grupos, en moitísimos casos, e ten que dicir, non ten ningún problema en facelo, que das múltiples alternativas que presentou EU, que son moitísimas, algunhas estanse realizando dende a área de Obras e Servizos.

Di que xa quedou de manifesto, neste mesmo salón de plenos, a nula sensibilidade deste goberno respecto da creación de emprego, refírese a unha moción que presentou o grupo municipal de EU coa que pretendía reducir os salarios das persoas que estaban gobernando, os salarios do conxunto da Corporación, para facer un plan de emprego co fin de combater esa eiva social.

Tamén lle gustaría resumir algunhas cuestións importantes que ao seu xuízo deberían terse en conta no labor do goberno. Pregúntalle ao Sr. alcalde que pasa, por exemplo, coa vía Ártabra, da que non teñen noticia, que pasa cos terreos que se ían comprar para infraestruturas socio-culturais na parroquia de Cela, e que pasa co Regulamento de participación cidadá. En canto a este último di que se en breve non se pon en funcionamento, EU denunciará o caso ante do Defensor do Pobo, por incumprimento do acordado. Di que o Regulamento orgánico municipal serviría para dar cobertura á unha iniciativa de moito calado na que, como dixo antes o voceiro de UxC, ían incluídas as mocións e as alternativas contra os desafiuzamentos, poderían ter feito como fan en concellos limítrofes, que fixeron unha comisión contra esa eiva e están tendo uns resultados óptimos. O Sr. alcalde asistiu á elaboración dese regulamento, e a el dálle a sensación de que o alcalde foi a todas esas reunións facendo media

campaña, dillo con toda sinceridade. O Sr. alcalde dicía que tiña moita ilusión por poñer a funcionar ese regulamento, e agora reducen as partidas orzamentarias.

Tamén comentou antes o do IBI da Igrexa, que están esperando a que lles digan algo. Outros proxectos que teñen proposto nos plenos son, por exemplo, a remodelación da rotonda do centro de Cambre, porque é unha vergoña que os autobuses e camións teñan que andar facendo manobras no centro mesmo do concello. Falaron do IBI do encoro de Cecebre e da eficacia que debería ter a deputación para poder recuperar ese diñeiro. Falouse de alternativas para aparcadoiros nas zonas máis urbanizadas do concello, como poden ser Cambre, A Barcala ou O Temple. Outra cuestión da que falaron é da sinalización do concello, que solicitaron xa dúas veces en pleno e non se lles fixo nin caso, primeiro presentaron alternativas para a sinalización das instalacións deportivas, e nada, outra vez faláronlle ao Sr. alcalde dunha sinalización que debería ser xa unha cuestión persoal, como é a sinalización do límite do Concello de Cambre co Concello de Oleiros, na Gándara, onde hai un letrado da deputación que pon Oleiros cando realmente están en Cambre, e non se fixo absolutamente nada, di que llo lembra agora para que cando teña tempo llelo diga aos seus compañeiros de Deputación, a ver se sacan ese letrado e o poñen no sitio onde corresponde.

Xa falou tamén dos servizos en precario, auga, mantemento eléctrico, xardíns, subministración de combustible, que haberá que sacar a contratación. Tampouco están moi informados do que vai pasar co tema da ponte da ría do Burgo, o que vai pasar co Paraugas, se o van trasladar, quen vai asumir o gasto se se fai unha réplica, que dixo o Sr. alcalde que podía custar entre 20 e 40.000 euros, non se lembra exactamente, pero un custo bastante importante.

O mantemento da senda peonil do río Mero é outra cuestión que lles debería preocupar a todos, porque estase afrontando con diñeiro do Concello de Cambre, co diñeiro dos veciños, cando o certo é que lle corresponde á Xunta de Galicia facer ese mantemento, aínda que lle dixo o concelleiro de Servizos que están facendo algunhas xestións para conseguir que se ocupe dese mantemento quen lle corresponde, neste caso a Xunta de Galicia.

Elimínanse partidas que para el teñen importancia, aínda que sexan simbolicamente, as partidas de axudas ás vítimas da violencia de xénero, que se eliminan totalmente, e o mesmo a normalización lingüística, que non se dota de orzamento, e observan que o goberno día a día ningunea e pretende eliminar a lingua galega, eliminando esa partida.

Neste punto, e ante as manifestacións dos concelleiros do grupo de goberno, di que se non é así que despois o corrixan, pero que el non viu ningunha partida para eses conceptos. Di que lle parece un desprezo para o galego, é máis, ata nalgún momento, aquí neste pleno, case lle parece que está nun pleno de Valladolid, con todo o respecto á xente de Valladolid, porque aquí son moi castelanistas, e el defenderá sempre ao galego. Como dixo recentemente o presidente dimitido da Real Academia Galega, están lapidando o galego, pola súa parte, el vai contribuír canto poida a que o galego siga en pé.

Continúa dicíndolle ao Sr. alcalde e á Sra. concelleira que este é un exemplo das

múltiples iniciativas que ten presentado EU, moitísimas delas esquecidas polo goberno municipal. Por certo, di que agora imaxina que deixarán de poñer trabas á moción que presentou EU no pasado pleno, na que se lembraba que se teñen que publicar os bens dos concelleiros, imaxina que agora estarán todos de acordo, porque hoxe mesmo había declaracións na prensa do propio presidente da Xunta nas que dicía que ía esixir aos deputados que publicasen as súas declaracións de bens, imaxina que o Concello de Cambre tomará boa nota e, dende logo, pide que non dean máis o vergonzoso espectáculo que deron o pleno pasado.

Conclúe dicindo que para o grupo de EU abundan razóns máis que suficientes para votar en contra destes orzamentos e, polo tanto, o seu voto vai ser negativo a este documento.

Concedida a palabra a dona Marta M^a Vázquez Golpe manifesta que ve que as razóns que ten EU para votar en contra destes orzamentos son extraorzamentarias, porque o voceiro do grupo falou de certas políticas, como a política de ingresos, e ela vai responderlle en xeral, para non estenderse. Di que comparten a opinión de que os estados de ingresos se reducen de forma considerable, pero só nalgunhas partidas, e porque o orzamento é limitado. Tamén comparten que é necesario que o grupo de goberno busque a forma de incrementar os ingresos, e niso están traballando, con todos os medios que poden.

En canto á preocupación de EU sobre a moción que tiña presentado reclamando que se xestione a débeda do IBI por parte de Emalcsa, do Concello da Coruña, por valor de 50.000 euros, dille que é menos, pero, en todo caso, quere lembrarlle que ese tipo de procedementos non se presentan hoxe e se resolven mañá, senón que levan un tempo, están falando dun procedemento contencioso que supón unha reclamación de débeda de moitos anos atrás, e que leva, loxicamente, unha importante carga de documentación, de comprobacións, informes e demais, polo tanto, hai dous, tres ou catro meses que se presentou, e xa lle adianta que iso vai para longo.

Tamén falou o voceiro de EU de que o grupo de goberno non defende as políticas de emprego e EU si. Ela dille o mesmo que lle dixo ao Sr. Augusto Rey, non vai entrar a debater, porque lle parece dunha irresponsabilidade absoluta e parécelle arriscado falar diso. Lébralle que dende que o grupo de goberno se sentou no seu sitio, non fixo outra cousa que xerar proposta tras proposta para fomentar as políticas de emprego e outras, pero como están falando neste caso de emprego, dille e lébralle que foi unha tras outra, pleno tras pleno, e día tras día. Di que está esperando as propostas do Sr. Taibo, porque ata agora non ten presentado nin o máis mínimo esbozo de propostas para a xeración de emprego no municipio, eso sí, reclama, di, pide que se faga, fala da Xunta, etc., pero el non ten presentado nada, e o mesmo di do resto de grupos, polo tanto, se hai un grupo que estivo traballando no fomento do emprego e nese tipo de propostas, ten sido o grupo do goberno municipal.

Tamén dixo que non hai un plan de emprego, ela dille que o Concello de Cambre non ten un plan de emprego, ten varios, e ademais ten a fortuna de ter recibido outros plans de emprego doutras administracións, como neste caso é a Xunta de Galicia, da que o Sr. Taibo dixo que non achega nada. Recibe máis de medio millón de euros para formación de persoas de Cambre en plans AFD, e recibe, ademais, por primeira

vez, un servizo de orientación laboral que había 3 anos que o Concello de Cambre non tiña, grazas á xestión dos gobernos anteriores tamén.

Dixo o Sr. Taibo que se reduce a partida de participación cidadá, e é certo, non o negan, claro que se reduce, pero volven outra vez aos criterios de prioridade, e incluso o voceiro de EU dixo que todo orzamento ten que obedecer a unha serie de prioridades, e as prioridades do ano 2013 cre que ninguén discute cales son, e o Sr. Taibo tamén ten recoñecido cales son.

Logo di que non escoitan aos veciños. Ela dille que calquera veciño deste municipio sabe que dende as 9:00 da mañá ata as 15:00 da tarde, están aquí os oito concelleiros do grupo de goberno, o sabe calquera veciño, poden non estar nun determinado momento porque tiveran que ir a unha visita, a un curso, ou a calquera outra xestión, consello escolar e demais que lle teña tocado ese día, pero por regra xeral, pódelle asegurar que de luns a venres, de 9:00 da mañá a 15:00 da tarde hai concelleiros atendendo a todos os veciños que se dirixen ao concello para solicitar calquera xestión e calquera problema, e ademais se lles dá solución o máis inmediata posible.

Dixo tamén que lle parecía ben a redución do orzamento en festas, e eles alégranse de que comparta iso. O que tamén dixo é que non lle parecía ético que se enviara unha carta aos empresarios, porque pode levar a certa presión, e ela non lle di que non, e quizais ese punto si que hai que volver a pensalo, é algo que se ten feito sempre ao longo dos anos, e recoñecen que probablemente non se deba facer, son partidarios de retomar o asunto e ver como van enfocar o ano próximo esas achegas que poidan recibir.

En canto ás retribucións dos membros do goberno, dille o mesmo, é unha cuestión que ten sido debatida en múltiples ocasións, que ten sido aprobada lexitimamente nun pleno, e que poden volver a debater cando queiran, a través dunha moción, preguntas, agora mesmo, cando sexa.

Dixo o voceiro de EU que presentan proposta e que se rexeitan, e ela preguntalle cales, porque propostas como tales, que eles teñan recibido formalmente de EU para executar, non hai nada, non teñen recibido nin de emprego, nin de obras e servizos, nin de servizos sociais, nada, non teñen nin unha soa proposta.

En canto á falta de sensibilidade do grupo de goberno para a creación de emprego, non vai nin a entrar a discutila. Se o voceiro de EU ten calquera esbozo de sensibilidade co emprego, pídelle que se poña a traballar e que presente propostas, pero rápido, porque a situación o require.

Tamén preguntou que pasaba co mantemento da senda peonil do río Mero, que corresponde á Xunta. Dille que é unha cuestión que non ten nada que ver co debate que traen hoxe, pertence á Xunta de Galicia e non van entrar agora a debater sobre iso.

Di que quere facer un especial fincapé na afirmación que fixo o voceiro de EU sobre que se eliminan as axudas ás vítimas de violencia de xénero. Preguntalle onde está iso no orzamento municipal, para ela decatarse, e para que se informen o resto de

persoas presentes.

Conclúe dicindo que o que lles faltaba por oír é que o Sr. Taibo lle diga ao resto de concelleiros da Corporación en que idioma teñen que expresar as súas opinións, faltaría máis. Dille que el é defensor do galego e todos os que están aquí tamén o son, pero tamén o son das demais linguas.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás manifesta que falou a Sra. concelleira de razóns extraorzamentarias, el cre que todas as alternativas das que falou están ligadas perfectamente ao Concello de Cambre.

Comentou o tema de Emalcsa e dixo que levaba moitísimo tempo xestionar os contenciosos e claro que si, pero el o que di é que teñen un alcalde que é deputado provincial, teñen o Concello da Coruña que é do mesmo signo que o partido que goberna en Cambre, e cre que habería que facer algún tipo de xestión nese sentido, e ao mellor deixarse de contenciosos.

Por outra parte, di que non se pode frivolar tanto co tema do paro, porque neste país hai 6 millóns de parados e quen goberna neste país é o Partido Popular, pídelle á Sra. concelleira que non se olvide.

Tamén manifesta que EU presentou multitude de iniciativas e xa lle explicará despois as que presentou ou deixou de presentar.

Dixo a Sra. concelleira que discrepa profundamente con EU, e que para o goberno municipal o Regulamento de participación cidadá non é prioritario, di que para eles si, para EU é unha das prioridades, eles cren na participación cidadá, xa o dixeron por activa e por pasiva, incluso o Sr. alcalde dixo moitas veces que cría na participación cidadá, o que pasa é que neste concello non interesa levar adiante a participación cidadá, polo motivo que sexa, posiblemente por motivos ideolóxicos.

Tamén dixo a Sra. concelleira que aquí en Cambre están sempre os concelleiros a disposición de quen os necesite, el vaille poñer un exemplo, antonte estivo cunha persoa que lle dixo, el non sabe se é verdade, pero díxolle que pediu unha entrevista co Sr. alcalde e que lle contestaron que tardaba 3 meses, é máis, o remitiron a unha concelleira, a persoa insistiu en que quería falar co alcalde, e volveron dicirlle que tardaba 3 meses. Di que iso é o que lle dixeron, claro está non sabe se é verdade, porque el non estaba alí para contrastalo.

Continúa dicindo que a Sra. concelleira tamén lles pediu que deran alternativas polo tema do paro, pero eles xa llelas deron, pediulles que traballaran, pois el pídelle que traballe ela, que tamén cobra, porque os demais xa traballan. Di que EU ten presentado multitude de iniciativas, a modo de mocións, rogos e preguntas, e como dixo antes, moitas delas seguen quedando no caixón. De xuño de 2011 a febreiro de 2012 presentaron máis de 300 iniciativas, e a Sra. concelleira o pode comprobar cando queira, así que non diga que non presentan alternativas e que non presentan propostas, pode mirar plenos e comisións, pero tamén pode mirar no rexistro para ver se presentaron ou non propostas, ademais, intentaron colaborar cando tiñan que colaborar, e algúns compañeiros o saben. Di que, concretamente, presentaron 25

mocións, 133 rogos e 143 preguntas, e moitas delas, como xa dixo, esquecidas no baúl dos recordos.

Segue dicindo que a Sra. concelleira debate o que lle interesa, como fan un pouco todos, parécelle unha boa estratexia, pero insístelle no que dicía antes, que mire as actas, e se non facilitallas el, e verá as iniciativas que presentaron, a ver se é verdade ou non é verdade. Pídelle que non se atreva a dicir que o grupo de EU non presenta propostas.

Concedida a palabra a dona Marta M^a Vázquez Golpe manifesta que claro que o volve dicir, non presenta propostas, nin unha, polo menos no que se refire aos temas que lle tocan, por exemplo, falou do fomento do emprego e a ela non lle ten chegado ningunha proposta. Polo que se refire a Emalcsa, o feito de ter representación en deputación e na Xunta de Galicia non quere dicir que os regulamentos se poidan deixar de lado, hai que seguir un procedemento que é común, tanto para os do Partido Popular como para os que non o son, esa é a forma de actuar do PP, séguese o mesmo procedemento para uns que para outros, polo tanto, se o procedemento leva un tempo, vai levalo igual, estea o alcalde ou quen sexa na deputación e teña contactos ou non os teña.

En canto a que o alcalde tarde 3 meses en dar unha cita non lle merece comentario ningún.

Conclúe dicindo que EU di que presentou máis de 300 propostas entre os anos 2011 e 2012, pero supón que estará falando de rogos e preguntas, porque propostas formais non se presentaron.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás manifesta que o que el lle pediría é que sexa un pouco respectuosa, porque a el merécenlle todo o respecto as preguntas que fan o resto de compañeiros, e a ela tamén llelo debería merecer. Fala dos rogos en modo despectivo, pero en rogos, preguntas e mocións presentaron moitísimas alternativas e propostas, e se di que non, entón el diralle que mente, pregúntalle que son os rogos e as preguntas, os rogos na maioría dos casos son propostas para que se realice un determinado labor e un determinado traballo. Pídelle que non menosprece o labor dos compañeiros da Corporación, que intentan colaborar, e esas propostas, cando se cumpren, na maioría dos casos estalles sacando as castañas do lume ao equipo de goberno, porque os grupos da oposición son os que as propoñen, e o goberno o que as capitaliza, aínda que iso a el non lle importa, porque o importante é que o pobo de Cambre se beneficie.

Conclúe reiterándolle á Sra. concelleira que non debe menosprezar as propostas que presentan os grupos da oposición, e por iso antes lle dicía que ás veces hai unha certa altanería, prepotencia e arrogancia nalgúns membros do goberno.

Concedida a palabra a dona M^a Victoria Amor Prieto, voceira do BNG, manifesta que dende o seu grupo municipal queren agradecer, en primeiro lugar, aos servizos técnicos do concello en xeral, e á Sra. interventora en particular, o seu traballo con respecto deste documento que están hoxe a debater, e tamén por aclararlles as dúbidas que lle presentaron.

Di que os orzamentos son un instrumento fundamental para facer política. Recollen dunha maneira moi concreta a fórmula de analizar a realidade e de adaptar os recursos cos que contan ás necesidades dos veciños. Resulta evidente que a maneira de planificar os orzamentos é unha mostra da ideoloxía de calquera deles.

Di que hoxe o goberno municipal presenta os orzamentos do PP, e as receitas e a análise que fan da realidade, como non podía ser doutra maneira, está moi lonxe das necesidades reais dos cidadáns de Cambre. Presentan un orzamento que podía terse feito hai 4 ou 5 anos, cando a situación económica era ben distinta, o que demostran as contas é que detrás hai un partido político cunha ideoloxía conservadora, e que non ten ideas para axudar á cidadanía a superar o actual momento de crise.

Hoxe non poden ler os orzamentos cos ollos de se teñen que facer aquí un centro social ou unha beirarrúa, ela está de acordo con ese tipo de actuacións, sempre e cando sexan necesarias e se utilicen, pero o obxectivo principal dos orzamentos dun concello de máis de 24.200 habitantes, con máis de 2.300 veciños no paro, elevados niveis de empobrecemento e importantes problemáticas sociais, non é só facer obras, senón dinamizar a economía local para crear riqueza e emprego. Os veciños e as veciñas de Cambre están sufrindo unha política de recortes brutais dos seus dereitos, recortes dos cales pretenden culpabilizalos a eles como traballadores.

O PP en vez de recoñecer que foron eles os que os levaron a esa situación, coas súas políticas de dilapidación, AVE sen xente, aeroportos sen avións, cidades da cultura millonarias, estacións sen buses, quilómetros e quilómetros de paseos a ningunha parte, pazos de congresos pechados,..., iso é algo que o goberno municipal continúa a practicar, como se demostra no día a día dos seus malgastos, e como se ve nestes orzamentos.

As políticas que o PP defende están fracasadas, só benefician á banca e ao capital especulativo, e pola contra, ocasionaron unha perda dos dereitos sociais, miseria e máis paro, e o que é máis preocupante son as poucas solucións políticas por parte do PP que goberna a Xunta, o Estado, a deputación e máis este concello.

Os orzamentos deben estar pensados para o benestar dos veciños, para aqueles que perden as súas vivendas, para os que perden os seus postos de traballo, que teñen que enganar aos seus fillos e fillas para que non saiban que van recoller alimentos aos comedores sociais, para a mocidade que busca o seu primeiro emprego, para os que rematan os estudos e teñen que emigrar, en definitiva, é necesario mirar os orzamentos dende a perspectiva da maioría social que sae á rúa a reclamar xustiza.

Os veciños e as veciñas de Cambre padecen un PP que recorta axudas para nenos e nenas con problemas de integración, que reduce axudas a persoas con discapacidades, a persoas dependentes, que aumenta o ratio de alumnos por clase, que cambia as condicións das bolsas de estudo para que haxa menos persoas que poidan acceder a elas, que recorta en profesorado, en investigación, en desenvolvemento, que incrementa o custo das matrículas universitarias, que recorta salarios e suprime as pagas extra, que lles fai pagar os medicamentos, que lles fai pagar polas cadeiras de rodas, polas próteses, que lles sube o IVE en multitude de

produtos importantísimos para a súa vida diaria, que lles pecha os ambulatorios, os servizos de urxencia, que reduce camas nos hospitais. Ese é o PP.

Pregunta que fai o equipo de goberno dende Cambre, e contesta que pouco, máis ben nada. Pregunta como se explica que destinen case os mesmos cartos a contratar un xornalista, que fai notas de prensa, 49.930 euros brutos, que o orzamento destinado a investimentos reais en actividades culturais. Di que esa é a cantidade que vén nos orzamentos, claro que con seguridade social, pero é que normalmente cando se di o que gaña unha persoa é bruto, porque é o que pagan os veciños de Cambre.

Toma a palabra o Sr. alcalde para pedir orde e rogar silencio por parte dos presentes, di que está no uso da palabra a concelleira do BNG.

Dona M^a Victoria Amor Prieto dálle as grazas ao Sr. alcalde e continúa dicindo que ela simplemente está dicindo o que esa persoa lle custa aos veciños de Cambre, que é o que cobra máis o que hai que pagar por el, eses cartos son os que figuran no orzamento.

Ante novas manifestacións que se producen a voceira do BNG manifesta que claro que son dúas as persoas, pero é que polos dous non son eses cartos que mencionou.

Toma a palabra o Sr. alcalde e pregúntalle á Sra. concelleira a quen se está dirixindo, ao xornalista, como ela o chamou, ou estase dirixindo ao pleno.

Dona M^a Victoria Amor Prieto contesta que está aclarando as cousas, porque non quere quedar como mentireira, non lle gusta, e sabe que hai outra xente á que non lle importa, pero a ela non lle gusta quedar como mentireira.

O Sr. alcalde manifesta que eles están a escoitala, e non fai falta que se dirixa a unha persoa en particular.

Dona M^a Victoria Amor Prieto expón que esa persoa estase dirixindo a ela.

O Sr. alcalde manifesta que por iso pediu silencio, e solicita á Sra. concelleira que siga coa súa intervención.

Dona M^a Victoria Amor Prieto reitera que entre as dúas persoas de confianza, unha cobra 38.000 e outra 28.000, iso netos, e brutos, teñen uns custos sociais de 11.000, e o 8.800 respectivamente, e pensa que todo iso sae das arcas do concello.

Continúa dicindo que volve preguntar como se explica que destinen case os mesmos cartos a contratar un xornalista, que fai notas de prensa, 49.930 euros, que o orzamento destinado a investimentos reais en actividades culturais. Pregunta se investir en cultura é gastar 14.000 euros para xestionar o certame de pintura e só 8.000 para premios. Xa saben que para o PP a cultura é só a xestión, os creadores e a cultura do país impórtanlles ben pouco. Pregunta como se explican que o goberno local xustifique como necesario un gasto de publicidade e propaganda de 18.000 euros, e só 3.000 euros para programas de ocio con discapacitados, ou só 16.000 euros para compra de libros. Pregunta como se explican os 30.000 euros

orzamentados para estudos e traballos técnicos a empresas externas, cando hai funcionarios capacitados para facer eses traballos, pregunta ao Sr. Rivas se é que dubida da profesionalidade deses funcionarios. Como se explica que os gastos do equipo de goberno e os cargos de libre designación sexan máis de 360.000 euros, e non teñan a decencia política de rebaixarse os seus salarios, como o PP fixo a todos os traballadores públicos e aos privados a través do IRPF. Di que é demasiado diñeiro para a época na que están a vivir.

Continúa dicindo que o BNG pensa que é posible gobernar Cambre mellor e máis barato. Aos traballadores baixáronlles os salarios, e eles seguen de festa e cobrando o mesmo. A palabra austeridade que tanto utilizan, deberían empezar aplicándoa aos seus propios salarios.

Pregunta como se explica que dos 428.558 euros que se orzamentaron en medio ambiente, case todo, 401.058 euros, sexa dedicado á conservación de xardíns. Saben que lles gustan moito as festas, e no BNG son tamén festeiros, pero non poden estar a favor duns orzamentos das festas de máis de 200.000 euros, fronte a só 60.000 euros para a creación de emprego e outros 60.000 para axudas a emprendedores. Di que ese dato explica moi ben a política do equipo de goberno, unha política non pensada para xerar riqueza e crear emprego, que é o que necesitan, emprego.

Tamén pregunta como se explican que nas partidas dedicadas a obras, unha cantidade considerable dos orzamentos, máis de 250.000 euros, sexan para investimentos imprevistos. Pregunta se non será un artificio financeiro, ou é que hai tantas obras imprevistas en Cambre, xa o irán vendo ao longo do ano.

Están investindo milleiros de euros en políticas de emprego equivocadas, sénteo, máis así están os datos do emprego. Un número de 2.342 persoas sen traballo, e non para de aumentar en Cambre. Estase dando unha formación totalmente equivocada que non produce os resultados desexados, e iso pasa porque non hai nin coordinación nin colaboración coa Xunta de Galicia, nin hai unha verdadeira aposta polo desenvolvemento económico e do emprego neste concello, fan o de toda a vida, e as consecuencias son coñecidas por todos os veciños.

Di que, francamente, Cambre merece algo mellor, merece un orzamento de verdade, adaptado ao tempo actual, e non ás políticas de caciquismo e amiguismo que dende o PP tanto practican. Ese é o orzamento do PP, e nel non atopan investimentos, ou cando aparecen son cifras simbólicas que non axudan á recuperación económica, necesitan en Cambre investimento nunha verdadeira axencia de desenvolvemento local, que desenvolva auténticas políticas de formación, e que favoreza os vínculos entre as administracións e as empresas privadas, que impulse as iniciativas empresariais innovadoras, un investimento para que as persoas con minusvalía ou con problemas de reinserción social poidan acceder a empregos, porque nos tempos actuais o teñen aínda máis complicado. Incentivos fiscais para as novas pequenas e medianas empresas que se poidan asentar no concello, diñeiro para conceder bolsas ou solicitar o acceso a prácticas de persoas novas que están rematando os seus ciclos formativos, ou as súas carreiras universitarias, etc., etc., etc.

Di que o BNG vai votar en contra dos orzamentos por varios motivos. En primeiro lugar

porque non son uns orzamentos que dinamicen a economía en Cambre, creen riqueza e xeren emprego. En segundo lugar porque pensan que manter o gasto corrente nas cifras actuais é insostible cara ao futuro, teñen unha débeda moi elevada, 3.592.000 euros se deben en Cambre, e ademais non está a traer melloras substancias na calidade de vida. En terceiro lugar porque son uns orzamentos desequilibrados, de malgasto de recursos públicos, como xa explicou con anterioridade. En cuarto lugar porque, aínda estando de acordo con determinados investimentos, ou con medidas que talvez poidan ser eficaces, por exemplo o acondicionamento da Casa da Arrigada, a renovación do firme en varias parroquias, o acondicionamento de camiños, o novo edificio de Protección Civil, o certo é que os orzamentos non achegan nin unha soa solución xeral á presente situación socio-económica.

Como dixó antes, por todo isto o grupo municipal do BNG vai votar en contra. De todos modos, tamén quere dicir algo aos seus compañeiros da oposición, sen pretender ser desagradable e sen acritude ningunha, di que ela queríalles preguntar cando se van aclarar, se algunha vez van saber o que queren ser de maiores.

Concedida a palabra a dona Marta M^a Vázquez Golpe manifesta que despois de toda esta intervención de demagogia política, tamén eles, se quixeran, poderían falar doutras cuestións, pero como non interesan a ninguén dos que están hoxe aquí, nin tampouco é o asunto que lles trae, di que se vai centrar nas poucas mencións que fai o BNG de Cambre ao orzamento municipal.

Di que se referiron aos soldos, ou á suposta permanencia ou contratación do persoal de prensa, ou persoal de confianza, ou como lle queiran chamar. Pregunta se cando gobernaba o BNG non tiñan persoal de confianza, porque os postos que había cando o PP chegou ao goberno eran tres, e foi o actual grupo de goberno o que eliminou un deles, que por certo, era o que máis retribución tiña.

Logo falou de que o partido no goberno ten algunha afinidade coa banca. Ela lémbrelle que cando eles chegaron a este concello a débeda que tiña o municipio coa banca era bastante superior á que teñen agora, porque estaba pendente a última operación de préstamo que se concertou polos que eran socios de goberno do BNG, e que se fixo precisamente a través da banca. Foi o actual grupo de goberno o que tendo ocasión e posibilidade de solicitar un préstamo bancario a calquera entidade das que faláron, rexeitou facelo porque consideraron que eses intereses eran abusivos. Polo tanto, se hai algún grupo que rexeitara eses préstamos, é o grupo municipal do PP.

En canto ao que dixó de que o grupo de goberno non se preocupa pola cultura, dille que son eles os que tiveron oportunidade de ocuparse da cultura se tiveran feito correctamente a Casa da Cultura que debería ter sido. Dende o ano 2008 ata o ano 2011 é algo que estivo bloqueado, e o actual grupo de goberno é o que fixo investimentos culturais como é a Casa da Cultura, salvando a subvención, así como a Casa da Arrigada, que está destinada a fins culturais.

Tamén lles dixó que Cambre merece uns orzamentos mellores, e iso é no único que poden estar de acordo, porque di que a ela o que lle gustaría é que Cambre tivera tres, catro ou cinco veces máis ingresos que os que hai, niso están de acordo.

Conclúe dicindo que tamén falou a voceira do BNG de que non hai incentivos para as pequenas e medianas empresas, e ela xa se referiu a iso con anterioridade, noutra intervención, e cre que quedou suficientemente aclarado.

Concedida a palabra a dona M^a Victoria Amor Prieto manifesta que o grupo de goberno sempre fai alusións a cando gobernaba o BNG. Dille, para empezar, que o BNG xa pagou, xa o dixo o outro día nunha comisión, porque é algo seguido e recorrente. Se o PP está aquí sentado, non é porque subisen en votos e varreran a todos os partidos, non subiron en votos considerablemente, o que pasou é que o BNG e o PSOE pagaron polos seus erros, e pagárono onde hai que pagar esas cousas, que é nas urnas, efectivamente, o BNG e o PSOE fixérono mal, e grazas a iso eles están aí sentados, non porque o PP fose unha marabilla. Pensa que unha vez que se paga nas urnas, xa está, agora o que eles teñen que facer é intentar facelo un pouco mellor, porque se non, ao mellor vailles pasar igual.

Por outra parte, cando gobernaban o PSOE e o BNG, nada tiña que ver a situación económica coa actual, comparar hai anos coa situación actual de desemprego, de precariedade e demais, é unha falta de consideración para os veciños, ao mellor, a situación económica do equipo de goberno mellorou en xeral nestes últimos anos, pero a dos veciños de Cambre empeorou, e todos eles poden ver, por primeira vez despois de moitos anos, veciños revolvendo no lixo, cando iso non se vía en Cambre, e agora vese xente revolvendo nos contedores.

Tamén lle fala a Sra. concelleira da banca, de que o PP non pediu créditos, entón é que ela mirou mal o orzamento, porque nel figura un crédito aberto de 600.000 euros que pediron eles, unha liña de crédito, que a vaian a utilizar ou non, dá igual, pero é unha liña de crédito que teñen aberta. Explica que ela, cando fala da banca, fala do PP, fala do rescate aos bancos por parte do goberno ao que eles pertencen, e pregunta se o PP non rescatou a banca. Se non é o goberno ao que pertencen, si é o partido, e ela cre que se entende perfectamente, porque o goberno municipal pertence a ese partido, de feito, todos os ven ás veces nas fotos, como saen moi guapos.

Conclúe dicindo que pola súa parte nada máis, está claro que non van coincidir, entre o PP e o BNG hai un gran percorrido político.

Concedida a palabra a don José Antonio Baamonde López, voceiro do GM, manifesta que, en primeiro lugar, quere recoñecer ao equipo de goberno o esforzo que están facendo en partidas tan importantes como servizos sociais, faltaría máis que nos fora así coa que está caendo, porque efectivamente están nunha situación que nunca xamais lles tocara vivir. Cre que é importante a subida nas partidas de emerxencia social, axuda a domicilio e tamén na de políticas de fomento do emprego. Di que el, evidentemente, non vai botar a culpa ao goberno de Cambre do aumento do paro, porque é certo que dende Cambre se poden facer accións para mellorar a situación, pero, por suposto, respecto das grandes empresas que están facendo ERES cre que non hai ningunha competencia por parte do goberno local.

En canto aos gastos en festas di que lle alegra non ver reflectido o Brincadeira, el cre que no ano 2013 non se poden permitir o luxo de asumir un 30% do custo dese festival. Tamén está de acordo, como dixo o goberno e outros compañeiros, que o

Rock in Cambre é un valor, pero en todo caso cre que para este ano a partida é elevada, e tamén cre que o Rock in Cambre ten que volver aos seus orixes, darlle máis oportunidades aos grupos de Cambre e sobre todo aos mozos de Cambre, que agora xa non son tan mozos, pero que si que iniciaron hai 20 anos a organización dese festival, e cre que nos últimos anos, polo menos no último ano, non se lles tivo en conta. Pensa que é importante que os teñan en conta para este ano.

Por outra parte, di que si que nota en Cambre o tema da falta de investimento. É certo que na época que viven hai menos diñeiro, pero tamén hai ferramentas que poden subsanar ese déficit de ingresos, por exemplo teñen un Plan xeral pendente de sacar adiante, e por aí poderían vir bastantes ingresos para poder revertir en obras en Cambre, así como as transferencias doutras administracións.

Di que en Cambre hai moitas cousas por facer, e como dixeron antes outros compañeiros, el tamén está de acordo en que o goberno local ten que aproveitarse de que tanto no Estado, como na Xunta e na deputación está gobernando o PP, e iso debería traducirse en subvencións para Cambre, máxime cando o alcalde, ademais, é deputado provincial. Por poñer un exemplo, di que el a lexislatura pasada era deputado provincial, e dende a deputación si tiñan solicitado, por poñer un exemplo e para que o Sr. alcalde o teña presente por se quere facer algunha xestión ao respecto, tiñase solicitado á Xunta de Galicia a colaboración para levar a cabo a rotonda da estrada no cruzamento de Frais e Espírito Santo. Pediron a colaboración á Xunta, pero non contestaron, así que non sabe se é un tema que se pode retomar, é verdade que hai uns meses sabe pola prensa que estivo en Cambre a delegada da Xunta, pero veu aquí a facerse unha foto e pouco máis, porque non se ten traducido en nada, prometeuno, pero a día de hoxe seguen esperando esa rotonda.

Tamén seguen esperando unha partida dende a Xunta para a execución da vía Ártabra, tan importante para o desenvolvemento do municipio, e de momento falta diñeiro para comezar a obra da gardería e centro de saúde do Temple.

Di que si é verdade, faltaría máis que non viñeran subvencións de deputación a Cambre, porque é un dos concellos máis importantes, non xa da Coruña, senón de Galicia por número de poboación, faltaría máis, pero si que cabe salientar que hai outros concellos limítrofes, Arteixo, Oleiros ou Culleredo, que se levan máis diñeiro. Lembra, aí están os medios de comunicación que así o testemuñan, o investimento que se está levando Arteixo en infraestrutura viaria para a rotonda de Sabón, é unha cantidade moi importante, mentres que non ve que Cambre leve nada.

Iso por unha parte, por outra, tamén é verdade que el non vai entrar a valorar se é moito ou pouco diñeiro o salario do equipo de goberno, el o que si quere destacar é que está contemplado como dedicacións parciais, cando realmente cre que debería contemplarse como dedicacións exclusivas. El cre que a contía así debería ser.

Conclúe dicindo que, por todo o anterior, non pode votar a prol destes orzamentos.

Concedida a palabra a dona Marta M^a Vázquez Golpe manifesta que pouco se vai estender, simplemente quere facer alusión ás subvencións, porque afirma o Sr. Baamonde, e si é certo, que se reciben certas subvencións da Xunta e da deputación,

e que pode haber algún concello que reciba máis, pero tamén será porque ten máis habitantes ou porque ten máis necesidades, pero por poñer un exemplo, só en subvencións de Obras e Servizos recibíronse, no ano 2012, 448.630 euros, do departamento de Traballo e Benestar teñen as subvencións dos auxiliares de protección civil por importe de 54.186 euros, o total das subvencións para o fomento do emprego xa dixo antes que foi de máis de medio millón de euros, e as de servizos sociais, o mesmo, achéganse ao medio millón de euros, e podería seguir e seguir, pero non se vai poñer a citar todas, só por poñer algún exemplo.

Por iso, dicir que Cambre non recibe subvencións, ou que recibe poucas subvencións, agora mesmo, habendo algún concello que poida recibir algunha cantidade superior porque teña máis habitantes, o certo é que tampouco reciben menos que outro, e moito menos Culleredo, Carral, Betanzos ou Oleiros.

Concedida a palabra a don José Antonio Baamonde López manifesta que está de acordo, por suposto que reciben subvencións, pero el cre que existen carencias tan grandes como o tema da vía Ártabra, o centro de saúde do Temple ou a gardería, dos que a día de hoxe non saben nada de como están. Cre que esas carencias son prioridades nestes momentos para o Concello de Cambre, e non hai resposta por parte da Xunta.

Concedida a palabra a don Manuel Marante Gómez manifesta que quere aclarar de novo algúns temas dos que se falou con respecto a temas que dependen da Concellería de Obras e Servizos, da cal é responsable, e dos que a concelleira defendeu a parte económica pero nos que hai cousas que quere aclarar para que non queden no tinteiro.

Di que, por exemplo, falou do tema do ribazo que houbo no treito de Cela ao Canal. Di que iso vai reparalo Augas de Galicia proximamente, nestes días, enviaron o proxecto coa valoración que é aproximadamente de 8.000 euros e que executarán eles. En principio querían que o executase o concello, pero as xestións do Sr. alcalde redundaron en que o fagan eles.

Con respecto dos contratos que están en precario, está por exemplo o de xardíns ou, dende finais de ano, o eléctrico. No que se refire ao de mantemento de xardíns xa está en precario dende hai 12 anos, cando tamén levaba el Obras e Servizos, ou sexa, que pasaron varias lexislaturas e aí segue, agora teno enriba da mesa dende onte, para revisalo, e quedou en devolvelo aos técnicos o vindeiro luns, por se hai algunha aclaración que facer.

O eléctrico di que está bastante avanzado, e seguramente entre este mes e o que vén estea preparado tamén o prego de prescricións técnicas, igual que a subministración de gasoil. O de limpeza de edificios municipais, ese igual se atrasa un pouco máis, poden ser dous meses, pero tamén está moi avanzado. A idea que teñen é que estas cousas saian o antes posible, pero como se comentou antes, este ano pasado foi de moito traballo para os técnicos de Obras e Servizos e para os de Urbanismo co tema das obras do plan Arume, porque se condensou todo cara ao final, e a verdade é que tampouco houbo tempo para máis.

No que se refire ao tanque de tormentas que se pretende facer, a el parécelle que é unha obra importantísima de cara ao saneamento da ría, iso con independencia de que tamén son importantes os saneamentos das parroquias que comentaron antes e outras zonas que quedan doutras parroquias, pero todos deberían saber, e non é con ánimo de entrar aquí agora en ningún debate, simplemente é aclaratorio, que hai 12 anos el era tamén o que levaba a Concellería de Obras e Servizos, a partir de aí, levárona outros compañeiros que o farían á súa maneira, supón que o mellor que puideron, como fixeron todos, pero informa de que el tiña feito nesa lexislatura unhas memorias, e eran dous armatostes, onde se recollían unha serie de obras necesarias ao longo das parroquias do Concello de Cambre. Entre elas estaban medicións na estrada da Xunta, dende Aián ata A Mota, onde mediron para facer beirarrúas e meter servizos, para ir facéndoos cando se puidera, para poder ir facendo proxectos despois, cada ano o que se puidera facer, que era o que comentaban antes coas memorias valoradas de Andeiro e Sta. M^a de Vigo, das cales por certo tamén había feito un estudo neses armatostes de memorias valoradas.

Segue dicindo que, como dixo, non vai entrar en ningunha polémica, pero si que eses armatostes quedaron na oficina do concelleiro de Obras e Servizos, despois os distintos concelleiros que pasaron por aí non sabe o que fixeron con elas, el cando volveu entrar nese despacho hai un ano e pico, aí non estaban, preguntoulles aos técnicos por eles, porque lle parecían documentos importantes para poder desenvolver o labor de goberno de obras e servizos no concello, e ninguén sabía nada. Como se cambiaron de sitio, baleiraron todo, pero non apareceron para nada, de feito, por iso agora están volvendo a refacer e volvendo a pagar por facer esas memorias valoradas, porque aquilo tamén se pagara, para poder facer os servizos, igual que están facendo a de Aián á Mota, ou igual que se fixeron as de Andeiro.

Conclúe dicindo que só quería aclarar eses temas, nada máis.

Toma a palabra o Sr. alcalde e pregunta se alguén quere intervir. Dado que ningún concelleiro pide a palabra, o Sr. alcalde manifesta que antes de pasar á votación, por alusións ao Sr. alcalde, e polo que leva oído, di que os grupos da oposición son os que van ter que explicar aos veciños por que van votar que non a estes orzamentos, porque di que el non oíu ningún argumento que lle diga que están en contra dos orzamentos por tal cuestión. Os grupos critican a falta de investimento nun lado, a falta de destino de diñeiro a outro lado, pero ninguén lle dixo de onde van sacar máis diñeiro dos 15 millóns que están orzamentados.

Aquí tense acusado ao goberno municipal de falta de diálogo, e el quere saber, xa que algúns concelleiros xa estiveron noutras lexislaturas, cando lles teñen entregado un borrador de orzamentos con un mes de antelación, porque llelo entregou el persoalmente, e díxolles que se tiñan algunha dúbida, querían facer algunha achega, ou presentar algunha iniciativa, que llo dixeran en 15 ou 20 días. Iso foi con cada un dos voceiros dos grupos, e non tivo resposta. Ao cabo dun mes foi el quen lle dixo á Sra. concelleira de Economía que os chamase por teléfono a ver se tiñan algunha achega que facer, e non fixeron ningunha, nin unha, e aquí acusan ao goberno de ineptitude.

Segue dicindo que el podería pasarse bastante tempo rebatendo o que dixeron,

porque escoitou con bastante atención todo o debate, en todo caso dálles as grazas por como se ten desenvolvido, con diferenzas de criterios pero sempre en boa harmonía, pero tenlles que dicir que o equipo de goberno, os acordos plenarios adoitan cumprilos, tardarán un pouco máis ou un pouco menos, todo depende tamén do traballo que teñan os técnicos, pero adoitan cumprilos, e iso vai polas memorias valoradas, porque xa se falou desas memorias valoradas no pleno de decembro, e se dixo que xa estaban listas.

Continúa dicindo que ten aquí os votos particualres que o PSdeG-PSOE presentou como condición para absterse na votación dos orzamentos do ano pasado. O primeiro voto é destinado a dar os primeiros pasos para que as parroquias de Andeiro e Sta. M^a de Vigo, nun futuro non moi remoto, poidan contar co servizo de saneamento que agora mesmo non teñen. Di que el ten aquí esas memorias valoradas, que as trouxo porque sabía que isto ía saír, e son unhas memorias que o Sr. Marante xa ensinou noutro momento. Os grupos teñen a documentación á súa disposición cando queiran, poden preguntar, pero como xa dixo, a falta de diálogo do goberno non é tal falta de diálogo do goberno, é falta de diálogo da oposición, porque se el lles di que en 15 días espera as súas propostas, o lóxico é que o resto de grupos en 15 ou 20 días llelas entreguen, iso si, na prensa poñen que están agardando que os chame o goberno, moi ben, pois o goberno chámaos, e resulta que uns din que non queren ir, outros van e non fan propostas, ou están de acordo, ou están en desacordo, pero, en definitiva, propostas non fan nin unha.

Di que hai asuntos nos cales lle gustaría incidir un pouco. Acusan ao alcalde de que o ningunean na Xunta e na deputación, e el dilles que a el non o ningunea ninguén, el é de Cambre, é de Cecebre, e cando se presentou ás eleccións fíxoo para ser alcalde de Cambre, e defende Cambre ante calquera institución, e vailles dicir, hai 14 anos o goberno municipal tiña un anteprojecto para facer as beirarrúas en Sta. M^a de Vigo, di iso con coñecemento de causa, un anteprojecto que nunca se chegou a levar á deputación, nunca, ese proxecto levouno el en persoa, e aprobouse no pleno da deputación no mes de decembro por importe de 207.000 euros. O que eles reclaman de Cela a Lema, tamén a senda peonil, é un proxecto que está en licitación e tamén é algo que realizou el, como alcalde, na deputación. Os 306.000 euros que van destinados á pavimentación de camiños en Pravio, Fontenla, Sta. M^a de Vigo, etc., tamén o sacou este alcalde da deputación. A poda das árbores, que leva cinco anos sen facer, con gobernos socialistas, e que custa 30.000 euros, foi por presión súa na deputación, se non este ano tampouco se facía.

Di que a el non o ningunea ninguén, e por parte da Xunta, o compromiso que teñen do que o Sr. Rey dubidaba, o compromiso do tanque de tormentas, saneamento do río Gándara e o río San Pedro, vaille dicir que si, que se está redactando o proxecto para facer a obra, está licitado e estase redactando o proxecto e a obra vaise facer.

Sobre o tema do centro de saúde, aproveitando os temas da Xunta, e a escola infantil, o Sr. Baamonde non se decatou de que a escola infantil xa comezou as obras. O centro de saúde están terminando a redacción do proxecto para comezalas, conxuntamente cos outros 13 que se van facer en Galicia, pero é un compromiso firme da Xunta de Galicia.

Respecto da ponte do Burgo, falouse aquí do custo do Paraugas, e dilles se lle van dicir a el canto tempo levaba paralizado, ademais de que non é unha cousa só do alcalde de Cambre, senón que tamén é en combinación co alcalde de Culleredo e coa Xunta, pero o que desbloqueou o proxecto foi el como alcalde de Cambre, e atopouse cun problema, que é o Paraugas, e é verdade que custa 36.000 euros, pero xa ten o compromiso do conselleiro, don Agustín Hernández, de que se vai incluír esa partida no orzamento para facer unha réplica do Paraugas, pero o primeiro que teñen que facer é descatalogalo, porque o día menos pensado un coche choca contra el e se lle cae enriba o parasol.

Co tema da Cruz Vermella, efectivamente hai unha partida de 32.000 euros, pero todos saben que hai un acordo plenario polo que nun local de 600 metros se lle cede só unha parte á Cruz Vermella, e será a Cruz Vermella a que se encargará de arranxar esa parte, pero quedan os outros 200 e pico metros, destinados a banco de alimentos, dos que loxicamente ten que encargarse o concello, e a iso se destinan os 32.000 euros.

Di que é verdade que teñen que esixir o transporte adaptado á Xunta, e o fan, pero iso non é óbice para esquecerse. A Xunta non está cumprindo totalmente, polo que o concello ten que poñer o seu grao de area para apoiar iso.

Dille ao Sr. Taibo que lle ten que dicir unha cousa co tema da participación cidadá. El entende ao voceiro de EU, porque el tamén é un defensor da participación cidadá, eles saben que asistiu a todos os foros de participación cidadá ata que se fixo o regulamento, e o apoia, pero teñen un problema, e xa o ten manifestado aquí nun pleno, teñen un só técnico, incluso ten aquí un informe que fixo ese técnico sobre participación cidadá non sabe a petición de que grupo político. Teñen unha soa persoa, e non só para participación cidadá, o problema é que os concellos, por lei, non poden contratar neste momento a ningún.

Aquí tamén acusaron ao equipo de goberno de levar con atraso o Plan xeral, e é verdade que vai con atraso, máis do que o goberno municipal quixera, moito máis, e por iso están presionando todos os días á empresa que contratou o anterior goberno. Di que a eles non lles gusta a empresa adxudicataria, e di iso abertamente, sabe que o van realizar e que o van levar a cabo, pero non lles gusta porque leva moito atraso, e volve dicir que están presionando á empresa constantemente, porque queren que se aprobe o Plan xeral, para ter os suficientes ingresos e achegarse a ser un concello como é Arteixo, por exemplo.

O tema do IBI do encoro de Cecebre, xa contestou a Sra. concelleira, iso non é algo que se solucione da noite á mañá por moi amigo que el sexa de Carlos Negreira, alcalde da Coruña, ou de Diego Calvo, presidente da deputación, iso é un trámite administrativo. Ese asunto leva moitos anos enquistado e, como dixo a Sra. concelleira, agora necesita dun trámite que hai que esperar para facelo, eles xa o teñen reclamado, porque ademais é algo que trouxo a oposición a un pleno e el as cousas que se traen ao pleno procura respectalas.

Tamén se fixo unha mención ao tema do arquitecto co Plan xeral e el non vai facer moita máis mención dese asunto, porque el non o iniciou, iso foi iniciado na lexislatura

pasada. A Xunta solicitou ao arquitecto de Cambre para un determinado traballo, houbo que coller unha arquitecta interina, cando terminou ese determinado traballo o arquitecto volveu, pero aquí non estaba contento, solicitou de novo volver á Xunta, e tiñan dúas opcións, negarse a que volvera co conseguinte enfado dun arquitecto municipal traballando aquí a desgusto, ou deixar que fora de novo para a Xunta e contratar un arquitecto que agora saben que van ter polo menos por dous anos, ata que acaben o Plan xeral.

Di que si está de acordo en algo con eles, porque é algo que citaron case todos, que teñen que reforzar os plans de emprego municipais. É verdade, é unha preocupación para calquera alcalde, para calquera político, é unha preocupación o emprego, porque iso mina a moral de todo o mundo, e é tal preocupación que eles procuran presionar á Xunta para que lles dea incentivos, que lles dea programas e que incentiven a formación e a colocación dos traballadores. Di que o primeiro obradoiro sociosanitario que teñen agora mesmo en Cambre, con 31 persoas, el está case seguro que cando terminen ese obradoiro, de 20 a 25 persoas van saír colocadas, case seguro. Pero é máis, el esta mañá, ás 13:00 horas, estivo reunido coa directora xeral de Fomento do Emprego da Xunta de Galicia, para buscar máis programas para Cambre, e van ter máis programas en Cambre, e van telos en combinación coas empresas, que é o que el lle propuxo, para que á empresa non lle custe a seguridade social do traballador e ao mesmo tempo haxa un compromiso de formación con ese traballador, durante un tempo determinado, loricamente, pero iso pode fomentar o emprego en Cambre.

Si é verdade, e fai referencia a iso porque cre que é de recibo, que teñen algúns contratos en precario, sobre todo o da auga, están tratando de solucionalo por todos os medios, pero non é un tema fácil, porque hai uns traballadores afectados, uns traballadores dunha empresa que hai que subrogar, e, polo tanto, non é un tema fácil. No tema de parques e xardíns xa o Sr. Marante dixo como estaba.

Diríxese aos concelleiros do BNG para dicirlles que el non entende o que din, el cre que é que non se leron o orzamento, o di como o sente e como o pensa, primeiro porque comezan cun rosario, porque é un rosario, sobre se o PP é culpable de todo. Di que el trae aquí a debater os orzamentos do municipio de Cambre, pero eles citan a cidade da cultura ou os aeroportos que están sen servizo, ou os AVES que non funcionan.

Neste punto lémbrale ao Sr. Carballada, concelleiro do BNG, que está no uso da palabra, e que cando molestaron á súa compañeira, corrixiu a situación, pide que agora o deixen falar a el.

Dilles que o BNG tivo a oportunidade de parar a cidade da cultura e tampouco o fixo, pregúntalle se é certo, e moitos dos aeroportos ou algúns tramos do AVE tamén tiveron algunha oportunidade de paralos e non o fixeron. Pídelles que non lles vendan a moto, e menos sen gasolina.

Pide a todos que asuman os seus erros, que os teñen, como os ten o PP agora mesmo, porque erros os teñen todos, pero el aquí o que trae é a aprobación dos orzamentos do Concello de Cambre, e o que quere que lle digan é por que non os aproban. O BNG pon en dúbida unha cuestión que é prioritaria, unha partida de

257.000 euros en obras imprevistas, preguntalle que como que en obras imprevistas, di que aquí non hai ningún imprevisto, pide que se lean o orzamento para ver se pon obras imprevistas, porque se a voceira do BNG se reafirma é que entón non vén aos plenos, porque cando se aproban as cuestións nos plenos, como son as partidas da deputación para eficiencia enerxética, ela vota a prol, e agora resulta que son obras imprevistas.

Tamén lle di á voceira do BNG que realmente cando ela fala de emprego e do que está facendo Cambre polo emprego, preguntalle se ela realmente coñece os programas de emprego, preguntalle a conciencia se coñece os programas de emprego de Cambre, e se coñece o centro de formación. Se está segura de que o coñece, perfecto, porque el está seguro de que non, que non coñece os programas de emprego de Cambre, e pídelle que lle perdoe de todo corazón, non os coñece.

Outra cousa importante da que falou a voceira do BNG foi do tema dos salarios, non só do xornalista como ela o chamou, senón tamén da súa secretaria, así como do soldo do alcalde e dos concelleiros. Preguntalle canto cre que debe gañar un alcalde, e dille que é unha pregunta que quere que lle conteste, que lle dea unha resposta delante de todos os veciños de Cambre que están aquí sentados, canto cre que debe gañar un alcalde.

Concedida a palabra a dona M^a Victoria Amor Prieto manifesta que a ela non lle importa para nada contestar isto, porque a ela encántalle falar e deste tema en concreto sen problemas, pero o que lle agradecería é que cambiase o ton, porque o Sr. alcalde lémbrralle á nai superiora do seu colexio, houbo un momento no que estivo a punto de meterse debaixo da mesa, non fai falta ese ton, el é el, e ela é ela, e baixando un pouco o ton pensa que se ían amañar mellor.

Antes de contestarlle á súa pregunta di que quere contestarlle a todo o que ven no orzamento para imprevistos.

O Sr. alcalde manifesta que é el quen está no uso da palabra e que lle fixo unha pregunta concreta á Sra. concelleira. El defendeuna antes e agora fíxolle unha pregunta.

Dona M^a Victoria Amor Prieto expón que xa que non lle deixa falar, que lle vai contestar á súa pregunta. Di que ela pensa que Cambre se merece un alcalde a xornada completa, que gañe máis de 32.000 euros, por suposto, en canto ás demais persoas, porque son 7 e están 9, pensa que ao mellor habería que ver canto deberían gañar. En primeiro lugar, e o Sr. Rivas como empresario o sabe mellor que ela, son empregados a media xornada. Dixo Marta que están aquí dende as 9:00 da mañá ata as 15:00 da tarde, ela no seu traballo está moitísimas máis horas que esas, e non lle vale con ir alí gardar da choiva, ten que ir traballar, ten que render, pídennlle explicacións do que fai, e non se trata só de estar no concello das 9:00 ás 15:00 horas, porque todos saben que hai moitos nenos que van á escola a gardarse de auga.

Iso por unha banda, habería ao mellor que ver ese tema, porque o Sr. Rivas sabe como empresario que ter sete persoas a media xornada, ou a 5/8 ou non sabe a que, é unha ruína a nivel de seguridade social e a outros niveis, e é unha ruína para os

veciños de Cambre igual que sería unha ruína se o Sr. Rivas os tivera na súa empresa. Iso é algo que non lle vén a ensinar ela, que é unha traballadora por conta allea, a el, que é un empresario.

Por outra banda, non é que ela pregunte por este tema, é que son os veciños os que na rúa lle preguntan a ela como teñen aí sete persoas gobernando a media xornada en época de crise, ela simplemente lles traslada a pregunta.

Toma a palabra o Sr. alcalde para dicir que el estaba no uso da palabra, simplemente fixo unha pregunta, e a Sra. concelleira non lla responde, porque el sabe que o rumor é que o alcalde e os concelleiros cobran 4000 euros/mes, pero a el dálle igual, el sabe o que cobra e vai publicalo, polo que vai ser público e notorio o que cobra cada un deles.

Dona M^a Victoria Amor Prieto manifesta que público xa é, porque o que lle custan ao Concello de Cambre figura no orzamento, o que non saben é o que o Sr. alcalde cobra na deputación, ao mellor refírese a ese punto, pero aquí no concello saben o que cobra e o que cotizan por el.

Retoma a súa intervención o Sr. alcalde e continúa dicindo que, dito isto, o único que van gañar os veciños de Cambre é unha de dúas, ou que se prorroguen os orzamentos ou que teñan que seguir outro camiño, pero prorrogar os orzamentos é algo que vai en detrimento de todos os veciños de Cambre. El cre que non oíron aquí, por parte da oposición, ningunha queixa sería de por que non votan a prol destes orzamentos, el polo menos, como alcalde, e como presidente desta Corporación, é a impresión que leva. Dá a impresión de que están todos en contra do goberno polo que sexa que non lles gusta, e simplemente votan non, porque saben que o goberno está en minoría, agora ben, se o que pretenden é chegar a gobernar, el está aberto, non hai ningún problema, eles son maioría.

Conclúe dicindo que agora, se lles parece, someten a votación o primeiro punto da orde do día.

Tendo en conta que varios dos concelleiros presentes solicitan intervir, o Sr. alcalde concédelle a palabra ao voceiro do PSdeG-PSOE, e dilles que teñen unha quenda máis para intervir.

Don Augusto Rey Moreno manifesta que quere intervir moi brevemente e espera que tamén contundentemente. Di que falando das memorias valoradas que o Sr. alcalde dixo que estaban aí, el acaba de velas agora mesmo, é máis, na acta do pleno do 27 de decembro de 2012, a unha pregunta do grupo municipal do PSdeG-PSOE sobre o estado no que se atopa a redacción do proxecto de senda peonil en Meixigo e San Lourenzo, a contestación de don Manuel Marante foi: *"... contesta que este asunto está encargado á mesma empresa que está facendo o da AC-214, supón que o traerán todo xunto. Conclúe dicindo que agarda telo o mes que vén."* É dicir, o 27 de decembro estaba encargado, e así figura na páxina 61 da acta. Ninguén lles comunicou que estaba esa memoria elaborada, así como as outras dúas si, e estaban agardando a telas todas para poder facer unha valoración e ver o que hai. Iso que o

Sr. alcalde dixo que son as memorias valoradas, cousa que el lle cre, evidentemente, acaba de velo agora mesmo.

Di que non é por ser mal pensado, pero o que lle leva a pensar é que o Sr. alcalde as trae hoxe porque xa tiña reservado este tema para poñelos a eles nun compromiso.

Ante a negativa do Sr. alcalde e dos concelleiros do equipo de goberno, don Augusto Rey Moreno pregunta que como que non. Dilles que poden falar da prensa, dunha nota de *El Ideal Gallego* de 8 de marzo de 2013, hai seis días, na que se di que o goberno local apela á responsabilidade e á paciencia da oposición, di que supón que á marxe do PSOE, porque parece que eles non teñen paciencia e son uns irresponsables, e acusan á formación socialista de pretender facer rendible en votos a ingobernabilidade do concello.

Dilles que se alguén tivo resonsabilidade á hora de que o goberno actual governe, foron precisamente os grupos que están na oposición, e vailles dicir por que, aínda que tarde un pouco:

- Pleno de xaneiro de 2012: proposta de aprobación das tarifas do programa “Mañanceiro”, de protección, vixilancia e almorzo aos escolares dos CEIP do Concello de Cambre, aprobado polos grupos da oposición, coa súa abstención ou votos a prol.
- Pleno de febreiro de 2012: proposta de informe favorable á revisión das tarifas de auto-taxis; proposta de aprobación inicial, se procede, da Ordenanza reguladora do uso de instalacións deportivas do Concello de Cambre; proposta de cesión de uso á Cruz Vermella Española do local sito na urbanización da Barcala, praza Amador e Daniel.
- Pleno de abril de 2012: aprobación inicial, se procede, da Ordenanza reguladora de venda ambulante no termo municipal de Cambre; proposta de aprobación provisional de imposición e ordenación da taxa pola utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público; proposta de aprobación provisional da modificación da ordenanza fiscal núm. 8 reguladora da taxa por outorgamento de licenzas de apertura de establecementos; aprobación, se procede, das bolsas da convocatoria pública de bolsas para deportistas de Cambre

Di que nin dicir ten que todo isto que está comentando, está todo aprobado.

- Pleno de maio: proposta de aprobación do expediente de modificación de crédito núm. 1/2012; aprobación se procede das bases da convocatoria pública de subvencións municipais a entidades sen fin de lucro 2012, proposta de aprobación provisional da modificación da ordenanza fiscal núm. 13.
- Pleno de xullo: aprobación, se procede, das bases da convocatoria de bonotaxi para persoas con discapacidade; aprobación, se procede, das bases reguladoras e convocatoria 2012 do programa de axudas municipais á creación de empresas.
- Pleno de setembro, con carácter supletorio: proposta de aprobación do expediente de modificación de crédito por suplemento de crédito núm. 1/2012; aprobación das bases de bolsas de estudo para o curso 2012-2013.
- Pleno ordinario de setembro: aprobación, se procede, dos proxectos a incluír no Plan DTC 94 “unha deputación para todos os concellos”.

- Pleno de outubro: proposta de aprobación do expediente de transferencia de crédito núm. 9/2012.
- Pleno de novembro: aprobación se procede da revisión de tarifas do servizo urbano de transporte en auto-taxi; aprobación inicial, se procede, da Ordenanza reguladora da publicidade exterior no Concello de Cambre.
- Pleno de decembro: proposta de aprobación do expediente núm. 2/2012 de recoñecemento de obrigas de exercicios anteriores; aprobación, se procede, do Plan de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (POS 2013).
- Pleno de xaneiro 2013: proposta de aprobación provisional da modificación da ordenanza fiscal núm. 7 reguladora da taxa polo outorgamento de licenzas urbanísticas.

Pregúntalle ao Sr. alcalde se sabe por que todas estas ordenanzas e propostas que se levaron a pleno polo equipo de goberno están en vigor e están funcionando, dille que porque os grupos da oposición deron o seu apoio, ou sexa, que non os chame irresponsables e que non diga que os levan á ingobernabilidade, baixo ningún concepto llelo permite, e se falan, falan seriamente, pero falan todos.

Toma a palabra o Sr. alcalde para dicirlle ao voceiro do PSdeG-PSOE que el está de acordo con el, pero que todas esas propostas das que votaron a prol, será porque as vían ben, e el agradécelles que os teñan apoiado, é máis, agradécnllelo todos os veciños de Cambre, pero particularmente o equipo de goberno.

Concedida a palabra a don Augusto Rey Moreno manifesta que, simplemente para terminar, o problema non é que non crean nos números, xa o dixo na súa intervención, é que non cren na súa capacidade como goberno para levar eses números adiante, que é moi diferente, e por iso van votar que non.

Concedida a palabra a don Óscar Alfonso García Patiño manifesta que está totalmente de acordo co que acaba de expoñer o voceiro do PSdeG-PSOE, ao 100% ademais. Di que se non coñecera ao Sr. alcalde, el compraba, de verdade, el se non o coñece, con todo o que dixo e a exposición que fixo, compra, pero como o coñecen non poden comprar, directamente non poden votar estes orzamentos, principalmente tamén polo que acaba de apuntar o anterior voceiro.

Explica que o Sr. alcalde acaba de dicir dúas cousas que son mentira, ou polo menos non son verdade. O Sr. alcalde dixo, mentres levantaba eses proxectos que ten aí, que a documentación cando a oposición a quere, dispón dela, pois ben, UxC tiña pedida a documentación do Brincadeira dende o mes de novembro, como creron que non fixeran ben o escrito, volveron facer outro en xaneiro, pedindo os informes de Intervención, déronlles onte ou antonte, pediron unha copia e denegóuselles, ou sexa, poden velo pero non poden ter copia, iso non é mentira.

A outra afirmación que fixo o Sr. alcalde é que van facer o Plan xeral, e el dille que non hai tempo material para que antes de que acabe esta lexislatura se aprobe o Plan xeral, e todos o saben, non existe tempo material para aprobar o Plan xeral en Cambre. Conclúe dicindo que, como o coñece, non compra.

Toma a palabra o Sr. alcalde para pedirlle ao Sr. García Patiño que lle permita que lle diga unha cousa. Pregúntalle se está seguro de que o coñece, el cre que o Sr. García Patiño non o coñece de nada, e vaille dicir por que, o voceiro de UxC tachouno de mentireiro na prensa, e el non lle contestou, e non o fixo porque ten máis arrestos que el. O voceiro de UxC fixo unha pregunta nun pleno polo tema de coordinar os tres servizos de protección civil dos Concellos de Cambre, Culleredo e Oleiros, preguntoulle se se tiña reunido cos alcaldes deses municipios e el contestoulle que non, que el falara cos alcaldes deses municipios, e a acta está para lela, e di que repasou o audio tres veces. Ao día seguinte, o voceiro de UxC mandou unha nota de prensa chamándoo mentireiro, dicindo que o alcalde de Cambre mentía porque non se tiña reunido cos outros alcaldes para facer esa reunión, e di isto porque el si que se reuniu co alcalde de Culleredo e ese alcalde díxolle que non sabía nada. Di que, que casualidade, o venres desa semana había pleno do Consorcio, e el preguntoulle directamente a Julio Sacristán se se tiña reunido con Óscar García Patiño sobre a noticia na prensa do venres pasado, e Julio Sacristán contestoulle que non, que o certo era que chamara un do grupo de UxC e que lle fixera a pregunta de se se tiña reunido co alcalde de Cambre para falar do tema de protección civil, e que el contestara que non.

Dille ao voceiro de UxC que el non mente, aínda que o Sr. concelleiro intente chamalo mentireiro, el non mente, quen mente e o concelleiro, e ten probas para dicir iso, porque mentiu nese caso, e ademais púxoo na prensa. Di que o Sr. García Patiño a el non o coñece de nada, e pode comprar o que queira, porque é igual que cando vai á praza, ve pescado mellor e pescado peor, e compra o que quere, el acepta iso, non ten porque compralo, pero tampouco lle vai permitir que o chame mentireiro, porque se colle máis pronto a un mentireiro que a un coxo, e o Sr. García Patiño a el, particularmente, coñéceo dende que está aquí en política, pero non o coñece de antes de nada.

Concedida a palabra a don Óscar Alfonso García Patiño di que a verdade é que non sabe se falar ou meterse debaixo da mesa, ten razón a voceira do BNG. Dille ao Sr. alcalde que el falou persoalmente con Julio Sacristán dese tema, falou telefonicamente con Julio Sacristán antes da pregunta que fixo no pleno, e volveu facela despois da pregunta, e Julio díxolle que o alcalde de Cambre nin falara con el, nin falara con Gelo. El a Gelo, o alcalde de Oleiros, non o nomeou porque el tampouco falou con el deste tema, pero co alcalde de Culleredo si, e preguntoulle precisamente por iso, porque UxC fixera unha proposta e o goberno municipal fixera outra. Sabendo que si tiñan falado os técnicos municipais, preguntou antes de facer a pregunta no pleno, por se a tiña que retirar, e preguntou despois, e cando o alcalde de Culleredo lle dixo que non, foi cando el dixo que o alcalde de Cambre estaba a mentirlles, podería dicir que non foi así, como fai o Sr. alcalde moitas veces, que di que a prensa pon o que lle dá a gana, podería dicir que non o dixo e botar a culpa á prensa, pero si que o dixo, e mentres que Julio Sacristán non se desdiga de que o alcalde de Cambre con el non falou, mantén as súas palabras.

En canto a que non o coñece de nada, dille que el ten que coñecelo como alcalde, el persoalmente non necesita coñecelo, ten suficientes amigos como para non coñecelo a el, pero como alcalde si.

Toma a palabra o Sr. alcalde para dicir que o Sr. García Patiño acaba de chamar mentireiro ao alcalde de Culleredo, pero dille que esa é unha discusión que vai deixar porque non ten moito percorrido.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás manifesta que o Sr. alcalde fixo unha serie de apreciacións que cre que haberá que matizar, porque efectivamente os orzamentos entregúllelos el, pero non foi hai un mes, non van andar con iso.

O Sr. alcalde aclara que 29 días.

Don Luis Miguel Taibo Casás di que perfecto, que está ben. Dixo o Sr. alcalde que fixera unha serie de xestións na deputación, concretamente pola poda das árbores da estrada da estación, da estrada de Cambre aos Campóns, e que lle fixeron caso, pero tamén ten que dicir que fixo esa xestión a instancia do grupo municipal de EU, foi un rogo presentado por eles, posteriormente presentado por outros grupos, e no que insistiron bastantes veces, e o Sr. alcalde fixo esa xestión, porque lle corresponde como alcalde facela, e tamén como deputado provincial. Volve dicir que si que fan propostas, iso para que o entenda ben a Sra. concelleira, e a obrigaición do equipo de goberno é trasladalas a quen corresponda, pero neses caso tamén deben dicir a proposta de onde vén.

En canto ao tema da descatalogación do Paraugas da que falou o alcalde, efectivamente hai un proxecto no que interveñen tres administracións, o Concello de Cambre, Culleredo e a propia Xunta de Galicia. O problema é que o Paraugas está en malas condicións, segundo o informe técnico municipal, aínda que ao mellor habería que pedir outro informe para contrastalo, el non desconfía do que hai, por certo, pero ao mellor habería que pedir outro para estar perfectamente seguros. Di agora o Sr. alcalde que hai que descatalogar o Paraugas, pregúntalle cando lles propuxo iso aos concelleiros ou ao pleno, pregunta se llelo solicitou algunha vez, porque o que fixeron é comentalo, e cre que foi sintonía máis ou menos de todos, porque todos coñecen perfectamente cal é a realidade do Paraugas, pero el non llelo propuxo en firme, pídelle que o presente un día no pleno, que lles diga que existe ese problema e que para que as obras se aceleren hai que descatalogar o Paraugas, facerlle unha réplica, e poñelo alí ao lado. Iso tamén é axilizar os problemas, ir ao pleno, pedir que se descatalogue e punto.

Tamén lle dá as grazas ao Sr. alcalde por dicir que traen propostas ao pleno, ao revés do que dixo a súa concelleira, porque efectivamente el dixo que EU trouxera o tema do IBI do encoro de Cecebre, polo tanto, eles traen propostas, a responsabilidade de facelas xa é do goberno, porque eles non teñen esa capacidade, e o equipo de goberno si ten a capacidade de ir a outras administracións e facelo.

Por outra parte, pídelle ao Sr. alcalde que non veña con coaccións, dicindo que por culpa da oposición non se aproban os orzamentos, pídelle que os deixe a eles, a cada grupo, que exerzan a súa liberdade e cada un que sexa consecuente dos seus actos. Conclúe dicindo que el, dende logo, e o seu grupo, van ser consecuentes cos seus actos, sexan os que sexan, e van ser responsables con eles.

Concedida a palabra a don Daniel Carballada Rodríguez, concelleiro do BNG, manifesta que neste caso vai responder el, que ademais foi a persoa que acudiu a mediados do mes de febreiro a esa reunión co Sr. alcalde, que si recoñecen publicamente que existiu e que o trato foi total e absolutamente cordial e aberto nas formas, como foi tamén a reunión que mantiveron os membros do BNG o pasado venres coa concelleira de Economía, encargada de presentar este orzamento, e a partir de aí todo parecido coa realidade é pura coincidencia.

Di que el quere comezar, brevisamente, desexándolle ao Sr. alcalde feliz Nadal e próspero ano novo, e dillo aquí, a 15 de marzo, porque el venlles presentando os orzamentos para o ano 2013 a 15 de marzo, e iso, efectivamente, ten pasado en períodos anteriores, por certo este alcalde será o alcalde de Cambre que pase a historia por dúas frases “eu non” e “a lexislatura pasada”, son os buques insignia que figuran no frontispicio do seu exercicio de goberno, e claro que en exercicios anteriores e en lexislaturas pasadas se teñen presentado os orzamentos con máis atraso aínda, e mal feito, e por iso están na oposición os grupos que detentaron a eses representantes públicos, e por iso eses representantes nin sequera se presentaron a uns comicios.

Dille ao Sr. alcalde que el fixo adaiñ da xestión ben levada, da eficiencia, da profesionalidade á hora de levar o concello. Non ten ningún tipo de escusa, e menos achacable á oposición, para presentar a esta altura de ano estes orzamentos, e a partir de aí, mentira sobre mentira, se cimentan estas contas. Pregunta como se pode dicir que a oposición non fixo propostas, pregunta que fan ao cabo do ano en todos e cada un dos plenos, pero é máis, eles xa lle fixeron unha proposta inicial ao seu equipo de goberno, unha proposta que eles non queren atender, e é que por principio democrático de hixiene total e absoluta á hora de falar cos veciños, eles non van soste unhas contas públicas que permiten o artificio, con base nun acordo plenario, de que cada semana o Concello de Cambre realice unha xunta de goberno para pagarlle 400 euros ao compañeiro Manuel Marante, por aí o BNG non pasa.

Continúa dicindo que a partir de aí poden falar de política, con grandielocuencia e sen ningún tipo de temor, e de cousas concretas, porque eles trasladaron unha serie de propostas concretas, claro que as trasladaron. Eles cando faloron coa concelleira dixéronlle sen ningún tipo de problema que consideraban que era factible, por exemplo, renegociar determinadas cuestións coa empresa concesionaria do transporte público, porque a eles parécelles moi ben que se vaian destinar cartos públicos a aumentar os aparcadoiros no centro de Cambre para os días de feira e días laborables, que haxa evidentemente onde aparcarse en Cambre, pero tamén consideran que é lóxico que se faga forza, que o alcalde faga forza, algo que non ten que ver co pleno nin cos organismos de goberno, diante desa empresa, que faga valer os intereses de Cambre para que o bus das parroquias funcione todos os días.

Di que eles si teñen apoiado, si se ofreceron e si dixeron que se teñen que aprobar determinadas contía, e se ten que haber un aumento para facilitar a tramitación do PXOM, vai contar co apoio do BNG, como contou co apoio do BNG na celebración do Brincadeira, onde tiveron unha postura que el considera, humildemente, crítica pero construtiva, e saíu como saíu, e a día de hoxe, saíndo como saíu non están facendo bandeira desa cuestión, que en moitos aspectos pois realmente saíu mal, pero

entenden que foi ben intencionada a pesar de multitude de cuestións que se puideron ter feito mellor e de maneira máis participativa e aberta, pero aí estiveron modestamente os dous votos do BNG.

Segue dicindo que si trasladaron propostas en materias ben concretas, eles non acaban de entender por que o PP, que pregonaba na oposición que as festas debían ser cuestión da iniciativa privada/mixta, das comisións de festas, etc., se fan cargo delas e desta maneira, porque é un tema que o BNG sabe que é complexo e é difícil, pero poden contar co seu apoio para explicarlle á cidadanía de Cambre que hai que reducir máis aí, e dinllo dunha maneira clara.

En canto ao certame de pintura, eles cren que é un modelo que está obsoleto, así de claro o din, que tivo o seu valor, que tivo o seu percorrido, que forma parte do patrimonio de Cambre e que debe ser reformulado. Pídelles que sexan valentes e que cando chegue o tema dos orzamentos que digan aquí imos reducir, imos destinar a gasto social parte dese importe, porque están dispostos a ser valentes e a facer política.

Tamén faloron das taxas, para o BNG, por exemplo, aquí non se votou, ao seu xuízo tristemente, parte do que eles entenden debería ser a Ordenanza reguladora de publicidade, e así con multitude de aspectos que rexen na vida municipal. Di que Cambre ten un problema, que saben que é moi complexo, porque afecta tamén á capacidade de traballo que teñen os funcionarios, e hai que revisar a contía das taxas que se cobran en Cambre e hai que revisar a contía ou o total do que se cobra, porque moitas taxas son ridículas e aínda por riba moitas delas non se chega a efectivizar o seu cobro, e aí tamén vai estar o BNG.

Eles reclaman do alcalde de Cambre, loxicamente, e en liña co que dixo o voceiro do PSOE, Augusto Rey, que ben, que dalgunha maneira determinadas cuestións non son simplemente as que se reflicten nun documento contable, e como dixo Óscar García Patiño, eles, coñecendo, non compran, porque eles queren ver do alcalde de Cambre outra disposición, outra actitude, outra dedicación ao cargo nun concello de máis de 24.000 habitantes, e téñeno clarísimo, de verdade o di, politicamente non lles vale porque non cren que se faga presión, presión faina o Concello de Oleiros, que ten un alcalde digno de tal nome, que se chama Ángel García Seoane, e que como non están facendo o colexio en Nós, vai curtar a estrada, vai facer unha serie de medidas de presión, e, dende logo, é un modelo de xente que se implica á hora de demandar diante da administración competente, e iso, no alcalde de Cambre, a día de hoxe, non o ven, e por iso non se cren nin a súa actividade, nin a súa dedicación política á hora de gobernar Cambre, nin este documento contable, pero non se pode dicir que é por culpa da oposición, ou que a oposición non colabora, ou que a oposición boicotea.

Conclúe dicindo que, é máis, xa para rematar e pedindo desculpas por estenderse, dille ao Sr. alcalde que se fixe no que fixeron este ano e a credibilidade que teñen para aprobar estes orzamentos, que os de hai un ano os aprobaron coa anuencia do grupo socialista, do principal grupo da oposición. Dille que a ver que goberno que entra novo, que goberna en minoría, ten no seu primeiro ano a facilidade de contar co *pláacet* do primeiro grupo da oposición para aprobar as súas contas, as súas, non as da lexislatura anterior, nin as doutros grupos políticos. E foi a cambio dunha cuestión que

neste propio pleno o grupo municipal do BNG cualificou en moitos aspectos de ridícula, ou de pouco ambiciosa, pero é que nin iso foron capaces de facer. Di que chegan hoxe aquí cos documentos, cunhas explicacións, cunha serie de excusas de mal pagador. El cre que se o PP compromete o apoio de cinco concelleiros do principal grupo da oposición para aprobar uns orzamentos, o mínimo era que con ese grupo cumpriran. Pregunta como van pretender agora que os outros se sumen ao carro.

Toma a palabra o Sr. alcalde para manifestar que el o único co que está de acordo co Sr. Carballada, porque ao grupo socialista xa lle deu as grazas no seu momento por terse absterido nos orzamentos, co único co que está de acordo con el, e polo cal pide desculpas, non a el, senón aos veciños de Cambre e ao resto da Corporación, é por ter traído os orzamentos tan tarde. Di que miraron os orzamentos con lupa, aínda que non lles pareza, pero ben, pide desculpas por traelos tan tarde, pero el tamén se vai empeñar en que non volverá a ocorrer, ese é o seu empeño.

Reitera que pide desculpas, sabe pedir desculpas cando comete un erro, e o Sr. Carballada ponlle de exemplo ao alcalde de Oleiros, e quizais teñen distintas formas de facer as cousas. O Sr. alcalde de Oleiros, ao cal apreza e mantén con el unha boa relación, ten unha maneira de facer as cousas, ás veces saenlle ben, e ás veces saenlle mal, ás veces o apoian o resto das institucións, e ás veces non. Di que el procura non saír na prensa, porque non lle gusta, el prefire ir á porta, chamar, sentarse, ir catro veces, chamar e sentarse. Di que, claro, que ao mellor o concelleiro do BNG ese labor non o ve, porque supón que non o seguirá todos os días, pregúntalle se sabe onde vai chamar el e o que consegue.

Don Daniel Carballada Rodríguez manifesta que el ve os resultados.

O Sr. alcalde di que exactamente, que o que consegue está aquí en Cambre, e acaba de dicirlllo, acaba de enumeralos.

Concedida a palabra a don Daniel Carballada Rodríguez manifesta que eles leron os orzamentos, pode que a súa capacidade e habilidade non estea quizais á altura das circunstancias, pero tamén lle podería dicir que na reunión que tiveron o venres coa concelleira encargada, que en fin.

Concedida a palabra a don Manuel Marante Gómez, por alusións, dille ao Sr. Carballada que el, efectivamente, cobra 400 euros polas xuntas de goberno, e fan unha á semana, ata esta lexislatura cobraban 200 por xunta de goberno e 200 por xunta de coordinación, que se facían ao mesmo tempo, o mesmo día, e servían para o mesmo. Di que el o único que quere é ter unha asignación para os seus gastos, como teñen os demais. El cobra líquidos, para o seu peto ao final do mes, 1.400 euros, non está volvéndose millonario nin rico aquí no concello, e pódelle asegurar que el vai practicamente a todos os sitios onde o chaman os veciños co seu coche, salvo que vaia co capataz da brigada de obras para ver algún tema concreto, despois el vai sempre co seu coche a todos os lados.

Di que el, nestes dous anos que leva aquí, traballando para o concello, igual leva preto de 40.000 quilómetros metidos ao coche e el ao concello non lle pasou nin un duro de

quilometraxe, e as rodas tamén as ten que poñer do seu peto, que tampouco llas carga ao concello, pero xa as ten queimadas e gastadas. El cre que polo menos non lle terá que custar diñeiro vir ao concello, e se ata agora se cobraban 400 euros por dous conceptos, agora se cobran por un, pero fan o mesmo, porque se calquera mira as actas da xunta de goberno e da xunta de coordinación que se facían en anteriores lexislaturas, seguramente se darán de conta que teñen bastante menos contido que as actas das xuntas de goberno actuais, porque na actualidade si serven para coordinar e facer as cousas, porque ademais veñen todos a elas, el que cobra por vir, pero tamén veñen os demais concelleiros que cobran medias dedicacións. Di que nas outras lexislaturas el tamén estivo no goberno, e os que cobraban soldos fixos xa non viñan ás sesións, ían os que cobraban, para poder cobrar a final de mes algo. Ademais, el, se está enfermo e non pode vir a unha xunta de goberno ou a un pleno, non cobra, e a seguridade social si que a paga, pola máxima cotización, porque a paga Telefónica e así afórralla aos veciños de Cambre, senón podería coller unha dedicación exclusiva ou media dedicación, e cargarlla aos veciños de Cambre.

Di que cre que está facendo o traballo coa máxima ilusión, coas máximas ganas, como todo o mundo, como todos os concelleiros anteriores, e eles tiveron que cobrar o que tiveron que cobrar e el é o concelleiro de Obras e Servizos que nos últimos 20 anos cobra menos neste concello, o que menos lle custa aos veciños de Cambre nos últimos 20 anos, e aínda así están a machacalo seguido por 400 euros, pois dilles que machaquen o que queiran, que el gratis non vai traballar a ningún lado, prefire cobrar e que se saiba e non ir gañalos doutra maneira por aí.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás manifesta que de verdade non quería repetir o tema dos salarios, pero di que lle parece bastante triste, bastante lamentable, a defensa que está facendo a ultranza o Sr. Marante, así está demostrando que vén a este concello para cobrar, o acaba de dicir, que vén para cobrar, e o das rodas do coche, preguntalle que pasa, se é que os demais non gastan rodas. Dille que hai xente que traballa altruistamente en distintas asociacións que gasta moito diñeiro, pero que o fan por altruismo, como moitas persoas que fan moitas cousas na vida. Pregunta onde está a vocación á política que teñen algúns, non existe. Xa lles di que non quería intervir, pero o Sr. Marante fixo aquí unha defensa do seu salario que non procede, dicindo que está neste concello para cobrar, e iso non é de recibo, sinceramente.

Concedida a palabra a don Manuel Marante Gómez manifesta que el non dixo que viña aquí a cobrar, pero ten uns gastos e ten cubrilos, ou preguntalles se eles non cobran por vir aos plenos, pois se cobran, cobran todos, menos UxC que renunciou ás súas asignacións, pero os demais cobran todos por vir aquí. Cada un ten o seu traballo e a súa responsabilidade e el necesita eses cartos para poder vir, porque vén todos os días ao concello. Di que altruistamente irá gratis a onde queira, ás asociacións, ou onde queira, tamén o fixo moitas veces antes de vir para aquí, porque antes de vir para o concello estivo en asociacións de veciños, de pais, de todas esas historias sen cobrar un duro, igual que os demais.

Toma a palabra o Sr. alcalde para dicir que xa non deberan entrar nisto, porque esta é unha discusión sobre os orzamentos, e el non sabe por que se enzarzaron agora cando esta discusión xa a tiveron noutros plenos habidos e por haber.

Don Luis Miguel Taibo Casás dille que el tamén preguntou antes canto debía cobrar como alcalde de Cambre.

O Sr. alcalde contesta que esa foi unha cuestión que formulou o BNG directamente.

Don Luis Miguel Taibo Casás di que claro, pero que a el non lle parece normal que fixera esa pregunta de canto ten que cobrar o alcalde de Cambre. Pensa que o soldo do alcalde nunca debería ser proposto no pleno, non é unha cuestión de maiorías ou minorías, o soldo dos alcaldes debería poñerse noutros sitios, deberían fixalo os que gobernan arriba, como parece ser que o van facer agora, porque lle parece demasiado esaxerado o que cobran moitos alcaldes e concelleiros, e non só a el, á opinión pública e á xente que está no paro.

O Sr. alcalde manifesta que niso están de acordo e di que van pasar á votación do primeiro punto da orde do día, que é a aprobación da proposta de orzamentos.

Sometido o asunto a votación ordinaria, votan a prol os sete concelleiros do PP e don Manuel Marante Gómez, concelleiro do PGD, integrante do GM; votan en contra os cinco concelleiros do PSdeG-PSOE, os tres concelleiros de UxC, o concelleiro presente de EU e os dous concelleiros do BNG; e abstense don José Antonio Baamonde López, de PdeC, integrante do GM.

A Corporación, por once votos en contra, rexeitou a proposta de aprobación dos Orzamentos xerais para o exercicio 2013.

2º Proposta de aprobación do Cadro de persoal

O Sr. alcalde expón que o seguinte punto da orde do día, a proposta de aprobación do cadro de persoal, queda rexeitado, xa que se trata dun asunto que vai implícito nos orzamentos.

3º Proposta de aprobación da Relación de postos de traballo

Concedida a palabra a don Felipe Andreu Barallobre, voceiro do PP, manifesta que, antes de empezar, a el gustaría lle reiterar en nome do seu grupo municipal o agradecemento a todos os voceiros polo desenvolvemento do debate, parécelle que foi exemplar, e gustaría lle que se mantivera en todos os plenos. Pola súa parte, como voceiro do grupo municipal do PP, el mesmo ten que aplicaselo, porque cre que hoxe deron un bo exemplo do que ten que ser un debate dentro da discrepancia.

Respecto do terceiro punto da orde do día, vendo o informe que fixo o xefe da área de Urbanismo e Réxime Interior, máis ou menos teñen claro que se podería levar a cabo a votación, pero iso levaría consigo que teñan que facer a modificación do cadro de persoal, por iso, el o que lles quería propoñer é, se lles parece ben, traelo todo xunto no vindeiro pleno, porque pode parecer un pouco incongruente facer agora a modificación da RPT sabendo que no próximo pleno van ter que facer a modificación do cadro do persoal.

Propón deixalo para o vindeiro pleno, di que eles son os primeiros interesados en que se aprobe, pero propoñen deixalo para o pleno que será á volta de Semana Santa, traelo todo xunto e deixalo listo. Cre que hai que votalo, pero se lles parece ben, poden facelo así.

Concedida a palabra a dona Margarita Iglesias Pais, concelleira do PSdeG-PSOE, manifesta que eles están de acordo sempre e cando quede para o vindeiro pleno, que quede constancia.

Don Felipe Andreu Barallobre contesta que así será.

A Corporación, por unanimidade dos vinte concelleiros asistentes á sesión, acordou deixar o asunto sobre a mesa para tratalo no vindeiro pleno.

E non habendo máis asuntos que tratar, o Sr. presidente levantou a sesión cando son as vinte e tres horas e trinta minutos, do que eu, secretaria, certifico.

O presidente

A secretaria xeral

Manuel Rivas Caridad

M^a Luisa de la Red Ampudia